FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo de Fin de Mestrado

---

# A potencialidade da toponimia na aula: unha proposta de intervención educativa

---

Curso académico 2021/2022

Xuño 2022

Alumna: Andrea Santiso Arias

Titora: María do Carme Hermida Guliás

Traballo de Fin de Mestrado presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

# Traballo de Fin de Mestrado

# A potencialidade da toponimia na aula: unha proposta de intervención educativa

La potencialidad de la toponimia en la aula: una propuesta de intervención educativa

The potentiality of toponymy in the classroom: a proposal for educational intervention

## Curso académico 2021/2022

Alumna: Andrea Santiso Arias

Titora: María do Carme Hermida Guliás

Traballo de Fin de Mestrado presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

# Índice


Resumos e palabras clave ... 4

**1 Introdución ... 6**

**2 Xustificación da escolla e obxectivos ... 8**

**3 A onomástica: investigacións e estudos ... 10**

**4 Proposta de intervención educativa: *Atopa topónimos* ... 15**

4.1 Aspectos xerais ... 15

4.2 Contextualización ... 15

4.3 Adecuación ao currículo ... 15

4.4 Achega ás competencias clave ... 17

4.5 Obxectivos ... 19

4.6 Metodoloxía ... 20

4.7 Actividades ... 21

4.7.1 Actividades de diagnóstico e introdución ... 21

4.7.2 Actividades de traballo de campo e escolla ... 26

4.7.3 Actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación ... 27

4.7.4 Actividades de peche e (auto)avaliación ... 33

4.8 Secuenciación das sesións ... 35

4.9 Materiais e recursos didácticos ... 38

4.10 Avaliación ... 40

4.10.1 Avaliación do alumnado ... 40

4.10.2 Avaliación da proposta e da práctica docente ... 42

**5 Aplicación práctica da proposta ... 43**

5.1 Contextualización do concello e do centro ... 43

5.2 Descrición e análise ... 45

**6 Conclusións ... 48**

**7 Referencias bibliográficas ... 49**

**8 Anexos ... 52**

Anexo I. Apuntamentos teóricos ... 52

Anexo II. Presentación PowerPoint ... 59

Anexo III. Ficha recollida de microtopónimos ... 63

Anexo IV. Exercicios prácticos ... 65

Anexo V. Ficha metacognitiva ... 69

Anexo VI. Ficha avaliación docente ... 71

Anexo VII. Rúbricas ... 72

Anexo VIII. Material do alumnado ... 77

## RESUMOS E PALABRAS CLAVE


**Resumo**

Este traballo ten como obxectivo principal fomentar a presenza da disciplina lingüística e científica da onomástica nos centros de ensino secundario. Para este fin, pártese dunha proposta de intervención educativa en que se aborda, sobre todo, a dimensión micro da toponimia. Galicia posúe unha riqueza toponímica extraordinaria: o *Nomenclátor de Galicia* (NG) recolle preto de 40000 nomes de núcleos de poboación. Estes datos correspondentes á toponimia maior soben cuantiosamente ao aludirmos á toponimia menor: calcúlase que existen arredor de 2 millóns de microtopónimos vivos na memoria da poboación galega. Non obstante, a maioría corre o risco de extinguirse por mor da alteración dos modos de vida tradicionais da nosa comunidade. Daquela, este proxecto pretende contribuír dalgunha maneira á salvagarda da microtoponimia galega a través de diferentes actividades na aula que engloban, entre outros, aspectos históricos, culturais e lingüísticos. Deste xeito, preséntase unha proposta educativa innovadora centrada nun contido pouco habitual pero que, sen dúbida, encerra un elevado potencial didáctico.



**Palabras clave:** onomástica, toponimia, microtoponimia, intervención educativa, didáctica.



**Resumen**

Este trabajo tiene como objetivo principal fomentar la presencia de la disciplina lingüística y científica de la onomástica en los centros de enseñanza secundaria. Para este fin, se parte de una propuesta de intervención educativa en la que se aborda, sobre todo, la dimensión micro de la toponimia. Galicia posee una riqueza toponímica excepcional: el *Nomenclátor de Galicia* (NG) recoge cerca de 40000 nombres de núcleos de población. Estos datos que corresponden a la toponimia mayor aumentan considerablemente cuando nos referimos a la toponimia menor: se calcula que existen alrededor de 2 millones de microtopónimos vivos en la memoria de la población gallega. Sin embargo, la mayoría corre el riesgo de extinguirse debido a las transformaciones de los modos de vida tradicionales de nuestra comunidad. Así, este proyecto pretende contribuir de alguna manera a la salvaguardia de la microtoponimia gallega a través de diferentes actividades en la aula que engloban, entre otros, aspectos históricos, culturales y lingüísticos. De este modo, se presenta una propuesta educativa innovadora centrada en un contenido poco habitual pero que, sin duda, encierra un elevado potencial didáctico.



**Palabras clave:** onomástica, toponimia, microtoponimia, intervención educativa, didáctica.

**Abstract**

The main objective of this work is to promote the presence of the linguistic and scientific discipline of onomastics in secondary schools. To this end, it is based on a proposal for educational intervention which addresses, above all, the micro dimension of toponymy. Galicia has an exceptional wealth of toponymic names: the *Nomenclátor de Galicia* (NG) contains nearly 40000 names of population centres. This data, which corresponds to the larger toponymy, increases considerably when we refer to the smaller toponymy: it is estimated that there are around 2 million micro toponyms alive in the memory of the Galician population. However, most of them run the risk of becoming extinct due to the transformations of traditional ways of life in our community. Thus, this project aims to contribute in some way to the safeguarding of Galician microtoponymy through different classroom activities that encompass, among others, historical, cultural and linguistic aspects. In this way, an innovative educational proposal is presented which focuses on an unusual content but which undoubtedly has a high didactic potential.

**Keywords:** onomastics, toponymy, microtoponymy, educational intervention, didactics.

# 1 INTRODUCIÓN

A onomástica, ciencia que cataloga e examina os nomes propios, está conformada pola antroponimia e pola toponimia. Mentres que a antroponimia se centra no estudo dos nomes propios de persoa, a toponimia ocúpase da análise dos nomes de lugar. O campo de estudo da toponimia permite discernirmos entre toponimia maior —ou macrotoponimia— e toponimia menor —ou microtoponimia—. A macrotoponimia fai referencia á análise de nomes de lugar que se encontran en espazos xeográficos habitados de dimensións razoables ou grandes (concellos, parroquias e aldeas). A microtoponimia alude a un conxunto de nomes que designan accidentes xeográficos ou lugares non habitados (predios, leiras, fontes, regueiros, penedos, carreiros e outros).

Na actualidade, a toponimia maior galega está conformada por preto de 40000 núcleos de poboación que poden consultarse no *Nomenclátor de Galicia*[1] (NG), un corpus toponímico desenvolvido pola Xunta de Galicia que regula os topónimos oficiais dos lugares, parroquias e concellos da nosa comunidade autónoma. Pola contra, o soporte natural da toponimia menor encóntrase na memoria oral dos falantes, onde se estima que viven arredor de dous millóns de microtopónimos. Unha fonda mudanza no xeito de vivir tradicional da nosa comunidade supuxo o decaemento paulatino do seu emprego e a consecuente desaparición.

O xerme deste proxecto encóntrase no interese de realizar unha achega ao traballo coa onomástica —en sentido xeral— e coa (micro)toponimia —en sentido particular— na Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Preténdese, pois, contribuír á salvagarda da microtoponimia galega, fomentando desde os niveis educativos máis baixos unha actitude crítica con respecto á situación sociolingüística de Galicia e un sentimento de pertenza ao territorio. Ademais, búscase demostrar que é posible empregar a toponimia como ferramenta nas materias non só de lingua, senón tamén doutras áreas de coñecemento.

A arquitectura deste traballo sostense sobre catro apartados. Esta parte introdutoria é seguida dunha xustificación da escolla temática e dos obxectivos principais que se perseguen (apartado 2). A continuación, preséntanse as investigacións e os estudos fundamentais en que se abeira este Traballo de Fin de Mestrado (apartado 3) e, unha vez disposta esta información, exponse a proposta de intervención educativa deseñada, *Atopa Topónimos* (apartado 4). Nela ofrécese unha contextualización que actúa como ambientación do proxecto toponímico que a sucede,

[1] Dispoñible en: https://www.xunta.gal/nomenclator.

unha adecuación ao currículo, unha achega ás competencias clave, os obxectivos —de etapa e específicos— que busca lograr, a metodoloxía proposta, as actividades formuladas coa súa secuenciación, os materiais e recursos didácticos necesarios para a execución e mais a avaliación trazada para o alumnado, para a proposta e para a práctica docente.

Despois, desenvólvese a aplicación da proposta (apartado 5), que engloba unha descrición do centro en que se realizou e do concello que o alberga mais unha exposición e análise dos resultados obtidos. Finalmente, dispóñense unhas conclusións (apartado 6) e as referencias bibliográficas empregadas (apartado 7). Nos anexos (apartado 8) pode consultarse o material elaborado e as actividades realizadas polo alumnado durante a súa posta en práctica.

# 2 XUSTIFICACIÓN DA ESCOLLA E OBXECTIVOS

Os estudos sobre toponimia constituíron unha liña tradicionalmente moi fecunda na filoloxía galega desde o século XVIII. Con todo, esta situación de privilexio no ámbito científico e investigador non se corresponde, polo xeral, co que vén ocorrendo no eido do ensino obrigatorio, onde a onomástica —comunmente— non adoita ser un contido frecuente, quer por descoñecemento, quer por falta de recursos.

A ausencia desta materia no ámbito educativo galego pode relacionarse, talvez, coa escasa presenza que ten no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste só se recollen dúas breves referencias á ciencia onomástica, ambas as dúas no currículo da materia de Lingua Galega e Literatura.

A primeira fai referencia á antroponimia e encóntrase no 1º curso da Educación Secundaria Obrigatoria como estándar de aprendizaxe do contido B4.4. (Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto do alumnado): *coñece e valora os antropónimos galegos*. A segunda alude á toponimia e figura no currículo de 2º da ESO, tamén no contido B4.4 (Situación sociolingüística do galego) como estándar de aprendizaxe: *coñece e valora os topónimos galegos*.

*Táboa 1. Presenza da antroponimia no currículo da materia de Lingua Galega e Literatura (1º ESO). Fonte: elaboración propia.*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ñ<br>▪o | ▪B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado. | ▪B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado. | ▪LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. | ▪CCL |
| | | | ▪LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos. | ▪CCL |

*Táboa 2. Presenza da toponimia no currículo da materia de Lingua Galega e Literatura (2º ESO). Fonte: elaboración propia.*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ñ<br>▪o | ▪B4.4. Situación sociolingüística do galego. | ▪B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | ▪LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | ▪CCL |
| | | | ▪LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | ▪CCL |

Este motivo, entre outros, serviu de pulo para realizarmos unha proposta de intervención educativa que dea azos para que outros profesionais do sector incorporen a toponimia como parte dos contidos habituais na súas sesións.

O envellecemento da poboación rural, o baixo número de nacementos, o abandono das aldeas, o ritmo apresurado de cambios no agro galego, as mudanzas técnicas, a urbanización das vilas e outras circunstancias derivaron na urxencia dunha actuación desde a administración e desde a sociedade que evite a perda progresiva dos microtopónimos. Desde o ensino pódese e débese contribuír tamén á protección deste patrimonio, pois as vantaxes do traballo coa toponimia na aula son abondosas, con especial fincapé en Galicia, onde a densidade toponímica é, sen discrepancia, a maior de todo o estado.

Malia a falta de referencias á toponimia no texto legal, é posible manexar esta ciencia tamén desde outros enfoques, incluso, alleos á lingüística. De feito, afrontarmos o estudo dos topónimos esixe un tratamento multidisciplinar en que teñen cabida, á par do filólogo e do lingüista, o historiador, o xeógrafo, o biólogo, o xeólogo e o latinista, entre outros.

Así, o obxectivo capital deste Traballo de Fin de Mestrado é contribuír á promulgación de traballos onomásticos desde un enfoque didáctico, ao tempo que se promove o emprego da toponimia como instrumento non só para o estudo de disciplinas vencelladas á lingüística, senón tamén a outros campos do saber.

Perséguese, logo, unha posta en valor desta ciencia como enclave para que se produza a confluencia entre distintas áreas de coñecemento e como punto de partida para edificar unha relación frutuosa entre o alumnado e o dominio xeográfico en que vive.

# 3 A ONOMÁSTICA: INVESTIGACIÓNS E ESTUDOS

Nas últimas décadas, Galicia alzouse como unha referencia nos estudos de onomástica en Europa, tanto na toponimia como na antroponimia. Os traballos toponímicos posúen na nosa comunidade unha longa tradición iniciada durante o século XVIII por Martín Sarmiento, pioneiro na defensa e no estudo científico da lingua galega, especialmente do léxico e da onomástica. A pesar de que a súa obra *Onomástico etimológico de la lengua gallega* non gozou de transcendencia naquela altura, unha parte importante das súas achegas mantén aínda validez na actualidade.

Foi necesario o paso de case dous séculos para volvermos encontrar estudos referidos á nosa onomástica grazas á angueira do alemán Joseph Maria Piel e os seus traballos en colaboración con Dieter Kremer, sobre todo, no eido dos antropónimos e topónimos de ascendencia gótica e visigótica.

Son de reiterada consulta neste ámbito as obras de investigadores especializados na onomástica en todas as súas vertentes: antroponimia medieval (Elixio Rivas e Ana Isabel Boullón Agrelo), alcumes (Tato Plaza), dicionarios de nomes de persoas (Ferro Ruibal) e estudos toponímicos en xeral (Abelardo Moralejo Lasso, Antón Santamarina, Carlos Búa, Edelmiro Bascuas, Fernando Cabeza Quiles, Ferro Ruibal, Gonzalo Navaza, Juan José Moralejo Álvarez, Nicandro Ares e outros). Debido ao esforzo deste grupo de autores temos hoxe unha idea moito máis íntegra do funcionamento do sistema toponímico galego ao longo da historia e un incremento da consciencia científica ao seu arredor. Con todo, folga dicirmos que é necesario seguir afondando nas liñas de traballo abertas e arrequecelas con novos materiais e novas perspectivas.

Séntese a necesidade de aludirmos ao volume *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas* (2017), unha obra editada por Ana Isabel Boullón Agrelo que reúne un conxunto de traballos dos maiores especialistas en toponimia galega. Esta peza ofrece uns modelos a seguir á hora de estudar toponimia, reflicte datos sobre a interrelación entre os nomes de lugar e os nomes persoais e propón unha clasificación semántica do material toponímico. Tamén achega información sobre o estrato lingüístico prelatino, a singularidade que entraña a análise da toponimia medieval e a condición legal dos topónimos. Ademais, presenta como parte final unha escolma de bibliografía esencial pensada para principiarse no estudo da toponimia.

Convén destacarmos como recurso valiosísimo as obras divulgativas sobre macrotoponimia da colección *Terra Nomeada* impulsada pola Real da Academia Galega e pola Asociación Galega de Onomástica (AGon)[2]. Trátase dunha iniciativa que busca recompilar e estudar os nomes de lugar habitados e algúns dos principais accidentes xeográficos dos concellos de Galicia. A nómina de toponimistas implicados nela que contribúen ao progreso desta disciplina comprende, no momento presente, os seguintes nomes: Paulo Martínez Lema, Xulia Marqués Valea, Luz Méndez, Fernando Cabeza Quiles, Xosé Ramón López Boullón e Lidia Gómez Martínez. Tamén sobresaen outras publicacións que permitiron sacar a toponimia do ámbito universitario e facela accesible para moitas persoas alleas á filoloxía. Algunhas delas son: *A Lama: os nomes dos lugares (estudo da toponimia)* (1995), de Xosé Carlos Morgade Martínez; *Toponimia de Galicia* (2008), de Fernando Cabeza Quiles e *Toponimia de Dodro e de Laíño: os nomes na auga* (2011), de Manuel Lorenzo Baleirón.

No que atangue á microtoponimia, debemos situar nun posto privilexiado os traballos realizados polo *Seminario de Onomástica* da Real Academia Galega[3], encargado da recompilación de datos, da súa investigación e da elaboración de informes. Distínguese para este traballo a obra *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación* (2016), cuxo editor literario, Ferro Ruibal, lanza a posibilidade de que, quizais, nun futuro a nosa microtoponimia mereza recoñecerse como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade. O Seminario de Onomástica tamén é promotor dunha nova sección chamada "O Seminario de Onomástica responde[4]", onde os especialistas sobre onomástica da Real Academia Galega descobren a etimoloxía e a motivación de distintos concellos galegos.

Desde non hai moito, comezou a percibirse, paseniñamente, un incremento de traballos que contemplan a toponimia desde un punto de vista non só lingüístico e científico, senón tamén didáctico. A continuación, preséntase unha pequena mostra deste material educativo.

Xulia Marqués Valea publicou no ano 2003 unha referencia capital neste ámbito: *A toponimia na escola. Guía para a recollida, catalogación e estudio dos nomes tradicionais de lugar*, editada pola Xunta de Galicia nos marcos da colección Cadernos para o ensino. Trátase dunha unidade didáctica para alumnado matriculado no segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria que engloba 9 sesións de traballo centrado na elaboración dunha guía de recollida de microtopónimos para a súa recuperación e preservación.

---

[2] Dispoñibles en: https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/series/terra.
[3] Dispoñibles en: https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/series/onomastica.
[4] Dispoñible en: https://academia.gal/comunicacion/videos/agrupacion-420099.

Esta autora impulsou tamén dous recursos didácticos que buscan avivar na aula o caudal onomástico: *Enredando nos topónimos con Rodari* (2008) e *Antroponimizando. Proposta dixital educativa para traballar cos nomes e os apelidos* (2012). Ambas as obras foron enxeñadas co obxectivo de facer rendible —desde o punto de vista didáctico— a toponimia nos primeiros anos do ensino obrigatorio.

A peza *Enredando nos topónimos con Rodari* está estruturada en trece fichas (cadansúa cun texto do pedagogo Gianni Rodari) que permiten a edición, polo que poden ser empregadas para explicar a toponimia de calquera lugar. As fichas divídense en tres bloques: o primeiro céntrase no significante dos nomes de lugar (topónimos aos que lles falla unha letra ou sílaba, erros creativos), o segundo na morfoloxía (lexemas, prefixos e sufixos dos topónimos) e o terceiro nunha dimensión lóxico-matemática (operacións matemáticas con letras de topónimos).

A proposta dixital *Antroponimizando* naceu co fin de ser un recurso integrador das novas tecnoloxías no proceso de aprendizaxe e na divulgación do patrimonio onomástico. Nela establecéronse como puntos de interese a cuestión de xénero, as correspondencias onomásticas, a orixe dos antropónimos e os hipocorísticos. Así, a través de 41 actividades busca fortalecer os saberes de onomástica na materia de Lingua Galega e Literatura desde unha perspectiva dinámica e creativa e, ao mesmo tempo, repercutir no restablecemento desta ciencia como parte do proceso de normalización lingüística.

No ano 2000, Luz Méndez publicou a obra *Por que se chama así este sitio? O significado dos nomes de lugar,* que achega un conxunto de significacións para distintos topónimos e ofrece unha clasificación toponímica artellada en forma de conto. Esta autora, xunto con Xosé Ramón López Boullón, Xulia Marqués Valea e Gonzalo Navaza, impulsou no ano 2007 a creación dun xogo de mesa sobre a toponimia compostelá: *Xogando coa toponimia. ATOPando Compostela.* O proxecto, promovido pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Santiago, procura familiarizar a rapazada santiaguesa maior de 12 anos co sistema de designación do territorio por medio da toponimia do seu concello. A Asociación Galega de Onomástica (AGon) orientou e produciu os contidos deste enredo de probas e Etnoga. Patrimonio Cultural, empresa de servizos de xestión integral do patrimonio hoxe extinguida, foi a creadora do xogo. Convén valorarmos esta iniciativa, pois o estudo desde o contiguo pode influír moi positivamente non só na adquisición dos contidos, senón tamén na disposición de cara á aprendizaxe por parte do alumnado.

É necesario reflectirmos neste apartado outro tipo de achegas que, pouco a pouco, van gañando peso na área da toponimia. Falamos de distintas unidades didácticas deseñadas *ad hoc* para seren implementadas en centros de ensino, tanto de primaria como de secundaria. Moitas destas propostas educativas danse a coñecer nas xornadas anuais do Seminario de Onomástica da RAG coorganizadas pola Deputación de Pontevedra e a Real Academia Galega desde o ano 2016. A entidade provincial apoia, ademais, a publicación dos traballos presentados nestes encontros, dedicados, por agora, á microtoponimia, aos nomes e apelidos, aos alcumes, aos nomes das rúas, aos nomes comerciais e á onomástica no Camiño de Santiago[5].

No primeiro encontro, Xulia Marqués Valea, Valentina Formoso Gosende e Xoán Carlos García Porral presentaron cadansúa proposta didáctica. Xulia expuxo a iniciativa *Vedra medra, unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego*. Este proxecto, no que participaron os 345 alumnos do CPI de Vedra, propón o traballo conxunto coa toponimia e coas lendas da comarca ullá. Valentina compartiu o *Proxecto Toponimia de Rianxo,* desenvolvido polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (ENDLG) do IES Félix Muriel. Esta proposta naceu con dous obxectivos: lograr a estima da toponimia como aspecto esencial do patrimonio inmaterial por parte de toda a comunidade educativa e progresar na normalización da lingua galega.

Por último, Xoán Carlos centrou o seu proxecto nas lendas e na toponimia maior e menor de Silleda. Así, durante o curso 2014-2015, xunto co Equipo de Dinamización Lingüística do IES Pintor Colmeiro, levou a cabo cos estudantes unha experiencia de recollida do maior número posible de topónimos e lendas que configuran a paisaxe lingüística do concello.

No ano 2019 propuxéronse dous modelos de intervencións didácticas*: A toponimia urbana como recurso didáctico* de Suso Fernández de Acevedo e *Hai rúas nas aldeas?* de Pilar Buela e Juan Carlos Montejano. Suso amosou o desenvolvemento de tres proxectos baseados nos nomes das rúas de Ribadeo. O traballo supuxo unha reflexión por parte do alumnado sobre a memoria histórica e a importancia de preservar as designacións tradicionais, moitas delas xa perdidas debido ás transformacións acontecidas tras o restablecemento da democracia.

Pilar e Juan Carlos promoveron a recuperación dalgúns microtopónimos do concello de Valga por parte do alumnado de 2º da ESO. A partir do seu traballo demostraron que é posible involucrar os discentes e a veciñanza no restablecemento dos nomes tradicionais. Ademais,

---

[5] Dispoñibles en: https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/series/onomastica.

reflectiron a importancia que os microtopónimos posúen para os habitantes das aldeas e deixaron claro que estes son un sinal de identidade, aspecto que lembra á cita de Maskit (1998, *apud* Berg / Vuolteenaho 2009): *to be a place is to be located (or at least locatable), named, known*, isto é, ser un lugar é estar localizado (ou polo menos ser localizable), nomeado, coñecido.

Na xornada do ano 2020, Celtia Rei Brandón (IES Alexandre Bóveda, Vigo) expuxo a experiencia levada a cabo en Coia co alumnado de 1º de Bacharelato. O grupo realizou un estudo motivacional dos nomes dos bares situados no seu barrio. A situación pandémica supuxo diversas dificultades para desenvolver o proxecto, pero, secasí, o corpus total foi de 45 nomes.

O ano pasado presentáronse dúas propostas relacionadas co Camiño de Santiago. Ambas as dúas foron executadas en centros do concello de Ames, por onde transcorren tramos de dous camiños: o Portugués e o de Fisterra-Muxía (e outro que se desexa revivir, o da Ría de Muros-Noia). Mª Carmen Liñares falou sobre o proxecto *Día a día facemos o Camiño da Ría*, en que o alumnado de 4º de primaria do CEIP Agro do Muíño recolleu datos históricos, xornalísticos e cartográficos sobre o percorrido co fin de realizar unha exposición oral na aula e logo visitalo *in situ*. O resultado final revelou unha investigación sobre o significado dos topónimos e microtopónimos que conforman o Camiño da Ría Muros-Noia ao seu paso por Ames.

Luciano Fernández Martínez (IES do Milladoiro) foi promotor do proxecto *Imos por Ames*, en que varios grupos da ESO realizaron unha aproximación ao territorio a partir dos topónimos que os circundan. O docente avogou por un enfoque multidisciplinar coa participación dos departamentos de Lingua Galega, Xeografía e Historia e Matemáticas. Este centro caracterízase, entre outras cousas, pola diversa procedencia do alumnado, pois a gran maioría vén doutros lugares. Malia que nun principio este feito parecía un atranco para o desenvolvemento da proposta, finalmente foi moi eficaz para fomentar a integración dun grupo de adolescentes sen arraigamento no lugar en que vive.

Após un percorrido polas coordenadas en que se enmarca este traballo e unha breve revisión dos estudos que serven de marco teórico, conclúese este apartado coa certeza de que imbuírmos a onomástica no currículo do alumnado e na *praxis* docente propicia o clima necesario para que agrome un sentimento de pertenza imprescindible para a lonxevidade dos nosos (micro)topónimos.

# 4 Proposta de intervención educativa: *Atopa topónimos*

## 4.1 Aspectos xerais

- Título: *Atopa topónimos*
- Nivel: Secundaria
- Curso: 2º da ESO
- Materia: Lingua Galega e Literatura
- Duración: 8 sesións

## 4.2 Contextualización

A proposta de intervención educativa *Atopa Topónimos* xira arredor da toponimia na súa vertente micro, isto é, por volta dos nomes de lugar non habitados. A desaparición de moitos destes nomes do territorio galego reclama con apuro unha actuación da poboación que xa se está levando a cabo, pero que será aínda máis forte e efectiva se desde o ensino se estimula a formación de alumnado comprometido coa causa.

A necesidade de traballar esta temática nas aulas de ensino secundario evidénciase a partir do afastamento instaurado na poboación máis nova con respecto ao territorio, ligado ao forte impacto que nela teñen as novas tecnoloxías. A transformación dos hábitos de vida da sociedade galega suscitou, entre outras cousas, un desapego pola contorna que se viu reflectido no estudo e na preservación da nosa toponimia.

Este dominio encerra un gran potencial didáctico que permite acadar múltiples pólas do coñecemento debido, entre outros factores, á súa interdisciplinariedade. Así, esta proposta posibilita, ao mesmo tempo, a aprendizaxe doutros contidos de maneira complementaria. Ademais, considérase fundamental inserir este tipo de coñecementos desde os primeiros niveis da Educación Secundaria Obrigatoria para estimularmos o espírito crítico mais a sensibilidade colectiva que require o manexo da toponimia.

## 4.3 Adecuación ao currículo

O curso académico 2021-2022 veu marcado por unha transición lexislativa en materia de educación. O 30 de decembro do ano 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei Orgánica, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e o 19 de xaneiro do 2021 entrou en vigor esta nova lei educativa (LOMLOE). Ora

ben, a implantación das modificacións contempladas nela estase realizando de maneira graduada.

Durante o curso 2020-2021 aplicáronse cambios relativos á participación e competencias do Consello Escolar, Claustro e director do centro, á autonomía dos centros docentes, á selección do director e á admisión do alumnado. No inicio do curso actual instituíronse modificacións vencelladas á avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas. Para os vindeiros cursos 2022-2023 e 2023-2024 prevese unha alteración do currículo, da organización e dos obxectivos da ensinanza.

Polo tanto, xa que a situación lexislativa en que nos atopamos non é aínda uniforme nin definitiva, co fin de sermos rigorosos, abordaremos un criterio coherente en todos os aspectos tratados, de maneira que a presente proposta posúe como base legal a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

A materia de Lingua Galega e Literatura, obrigatoria en todos os cursos da ESO e do Bacharelato, preséntase no Decreto 86/2015 —xa mencionado— estruturada en cinco bloques sobre os que se deben producir múltiples conexións: "1. Comunicación oral. Escoitar e falar", "2. Comunicación escrita. Ler e escribir", "3. Funcionamento da lingua", "4. Lingua e sociedade" e "5. Educación literaria". A proposta que se expón abrangue contidos adscritos aos catro primeiros bloques que, deseguido, se expoñen con maior precisión.

A toponimia eríxese neste traballo non só como un contido específico de estudo, senón tamén como un medio para aproximarse a outros coñecementos e destrezas. Así, a súa aplicación contribúe á comprensión e interpretación de textos orais e escritos empregados no ámbito social e educativo, á participación activa en situacións que xeran intercambio de opinión e ao coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público. Tamén pon en práctica o uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva, o emprego autónomo das TICs e a produción de textos (cuestionarios, resumos, informes de tarefas, explicacións sobre contidos etc.).

Así mesmo, a proposta favorece o uso de léxico suficientemente amplo e preciso, coa incorporación de fraseoloxía e vocabulario propio da toponimia, o emprego eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, unha correcta aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega e a participación en proxectos como a elaboración de materiais multimedia e carteis. Ademais, promove a valoración das linguas como medios de relación

interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, ao tempo que afonda na situación sociolingüística do galego a través da (micro)toponimia.

Convén aclararmos que a pesar de que a proposta que se desagrega foi elaborada para un nivel en concreto (2º da ESO), o currículo permite, coa acomodación necesaria, a súa aplicación en todas as etapas educativas.

## 4.4 Achega ás competencias clave

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) contempla como competencias clave aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inserción e o emprego. Este código legal recolle sete competencias clave: *Comunicación lingüística* (CCL), *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* (CMCCT), *Competencia dixital* (CD), *Aprender a aprender* (CAA), *Competencias sociais e cívicas* (CSC), *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (CSIEE) e *Conciencia e expresións culturais* (CCEC)[6].

O emprego da toponimia na aula propicia o alcance de todas as competencias, se ben é certo que a intensidade recae nunhas máis que noutras. As actividades suxeridas teñen como base a capacitación do alumnado para ser quen de traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo. A seguir, refírense os aspectos que se traballan de xeito máis evidente en cada unha delas.

*Competencia en comunicación lingüística* (CCL): a proposta garante a adquisición desta competencia a través das actividades que contempla, pois todas elas esixen un elevado traballo das destrezas orais e escritas. Ademais, a recollida da microtoponimia supón un contacto social que terá repercusións non só no aumento dos coñecementos lingüísticos e culturais do alumnado, senón tamén nas súas habilidades comunicativas. É evidente que a toponimia encontra un maior refuxio na materia de Lingua Galega e Literatura e, daquela, tampouco sorprende que sexa esta a competencia que en maior grao se traballa con esta proposta.

[6] A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) prevé unha competencia clave máis e modifica a denominación de tres delas. Así, institúe a *Competencia plurilingüe* e transforma a *Competencia en aprender a aprender,* a *Competencia social e cívica* e a *Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor* en *Competencia persoal, social e de aprender a aprender, Competencia cidadá* e *Competencia emprendedora* (CE), respectivamente.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* (CMCCT)*:* malia describirmos unha proposta formulada para unha materia de lingua, a toponimia permite a introdución de coñecementos vencellados ás ciencias e ao traballo con procedementos propios deste ámbito. Esta competencia traballarase a través do emprego de mapas en que o alumnado situará o material toponímico e do manexo de porcentaxes para o establecemento do valor que posúe cada eido semántico (fitonimia, antroponimia, hidronimia etc.) e etimolóxico (prerromano, latino, xermánico e árabe) do corpus microtoponímico do grupo.

*Competencia dixital* (CD): a frecuente consulta de dicionarios electrónicos e de portais especializados en toponimia mais o emprego de distintos procesadores de textos, de mapas e de plataformas lúdicas contribuirán ao desenvolvemento desta competencia. Ao mesmo tempo, o grupo debe amosar un correcto uso do correo electrónico, medio polo que fará chegar distintas tarefas de carácter obrigatorio.

*Aprender a aprender* (CAA)*:* o traballo coa toponimia é unha ferramenta extraordinaria para fomentarmos o desenvolvemento desta competencia. O coñecemento da contorna do alumnado e a constante referencia a elementos propios da súa vida cotiá axudan a suscitar un interese e unha motivación por coñecer a historia e a xeografía que os arrodea. Ademais, unha axeitada formulación e distribución temporal das distintas actividades por parte do profesorado permitirá que o grupo planifique cada un dos procesos que desenvolve e se sinta partícipe do proceso de aprendizaxe.

*Competencias sociais e cívicas* (CSC): a proposta educativa que se expón supón unha forte interacción entre a escola e a comunidade que a acolle, polo que esta competencia adquire nela un especial interese. O traballo coa toponimia menor leva implícito un servizo dirixido á sociedade galega, xa que contribúe a desenvolver unha responsabilidade cívica e social no alumnado, quen protexe unha pequena —pero importante— parte deses dous millóns de microtopónimos en risco de extinción.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (CSIEE): preténdese que os estudantes adquiran de maneira progresiva sentido da iniciativa e espírito emprendedor a partir da elaboración das tarefas de maneira autónoma e da resolución independente das dificultades que se presenten no seu decurso. Tamén se desexa fomentar un cambio de mentalidade que favoreza a capacidade de pensar de maneira creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

*Conciencia e expresións culturais* (CCEC)*:* ten cabida aquí a valoración da toponimia como elemento crucial no panorama cultural galego e a súa necesaria transmisión como herdanza patrimonial de infindo valor.

## 4.5 Obxectivos

Con fundamento no mencionado, dispóñense a continuación os obxectivos que presenta a proposta de intervención educativa deseñada. O desenvolvemento das actividades formuladas permitirá atinxir a totalidade de obxectivos estipulados no Decreto 86/2015 (artigo 10). No entanto, vense especialmente potenciados os seguintes:

**b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Ademais destes obxectivos xerais de etapa, a proposta leva intrínsecos uns fins de natureza específica. Son os seguintes:

**a)** Contribuír á salvagarda da microtoponimia galega.

**b)** Coñecer e valorar o territorio en que vive o alumnado.

**c)** Cultivar as raíces necesarias para que agrome un sentimento de colectividade.

**d)** Descubrir a disciplina lingüística e científica da onomástica e as súas vertentes, principalmente a toponimia.

**e)** Comezar a manexar un vocabulario especializado e iniciarse na investigación etimolóxica.

**f)** Valorar a toponimia como patrimonio lingüístico e cultural de toda a sociedade.

As actividades programadas contribuirán asemade á consecución dunha serie de metas que complementan e arrequecen as xa mencionadas:

**a)** Clasificar semántica e etimoloxicamente palabras do léxico común e propio.
**b)** Desenvolver as competencias lingüísticas orais e escritas acordes co nivel educativo.
**c)** Dominar a división administrativa do territorio (provincia, comarca, concello, parroquia, lugar/aldea/localidade), así como a localización en mapas do concello propio e dos próximos á contorna do alumnado.
**d)** Empregar axeitadamente e sacarlle utilidade a distintos recursos e materiais (mapas, dicionarios, ordenador etc.).
**e)** Fomentar a interdisciplinariedade entre os distintos departamentos do centro educativo.
**f)** Mellorar as relacións coa familia e con outras persoas próximas a partir da consecución de datos.
**g)** Perfeccionar as competencias dixitais e tecnolóxicas a través de diferentes aplicacións, páxinas web e procesadores de texto.
**h)** Outorgarlle importancia ao traballo en equipo.

## 4.6 Metodoloxía

Esta proposta promove métodos que teñen en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorece a capacidade de aprender de maneira autónoma e fomenta a adquisición de coñecementos en equipo. Deste xeito, a metodoloxía didáctica que se suxire é nomeadamente activa e participativa, ao tempo que favorece o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como a consecución dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Nela procúrase o traballo colectivo por parte do profesorado co fin de fornecer un punto de vista multidisciplinar do proceso educativo que asegure a coordinación entre os integrantes do

equipo docente de cada grupo. Ao mesmo tempo, impúlsase a integración e o uso das TICs na aula como medio para a execución dos labores de ensino e aprendizaxe.

Malia que a proposta non refuga, en absoluto, o ensino da gramática, os métodos de ensino de linguas que defende son comunicativos, xa que busca o desenvolvemento das destrezas de expresión e comprensión oral e escrita. Deste xeito, segue os principios do enfoque construtivista e do ensino comunicativo das linguas.

A súa aplicación contempla a realización por parte do alumnado dun conxunto de tarefas individuais, grupais ou en parella que deben ser entregadas na última sesión. Esta formulación pretende espertar o interese dos estudantes e instaurar na aula un clima de traballo dinámico, participativo e colectivo.

Daquela, os discentes exercen un papel necesariamente activo, construtor de significados e o profesorado ocupa un rol de mediador que guía e axuda. Ademais, busca impulsar a *andamiaxe*, isto é, unha especie de ponte entre o coñecemento xa construído e o que está por construírse. Así mesmo, en varias sesións incorpora procedementos relacionados coa metodoloxía da ludificación, como, por exemplo, a asignación de diferentes roles aos estudantes para conseguir mellorar a absorción dos contidos, motivalos, promover a aprendizaxe e perfeccionar algunha habilidade.

Por suposto, a proposta está aberta a situacións de intercambio comunicativo a través de cuestións directas que axuden a acadar unha atmosfera de confianza entre o docente e o alumnado.

## 4.7 Actividades

O conxunto de actividades deseñadas vén marcado por un criterio aglutinador en función da súa natureza. Desta maneira, distinguimos tres tipoloxías de actividades: actividades de diagnóstico e introdución, actividades de desenvolvemento práctico e consolidación e actividades de peche e avaliación.

### 4.7.1 Actividades de diagnóstico e introdución

As actividades de diagnóstico e introdución caracterízanse pola súa condición preliminar e asumen un papel de diagnóstico, pois a partir delas preténdese descubrir o grao de coñecemento que presenta o alumnado sobre a onomástica en sentido amplo. Na proposta *Atopa topónimos* apostouse pola realización de dúas tarefas desta índole, unha máis xeral e outra máis específica.

### Actividade 1: diagnóstico e presentación

Na primeira, o alumnado debe escribir nun *post-it*, sen axuda de ningún tipo, unha definición que responda á pregunta *Que son a onomástica, a antroponimia e a toponimia?* Convén transmitirlle ao grupo con anterioridade que o importante desta tarefa non é a corrección das respostas, senón a súa participación coherente.

Cando este remate, realizarase unha posta en común en que todos intervirán. Despois, repartiranse uns apuntamentos teóricos que recollen a información imprescindible para a compresión do tema e o seguimento da materia (definicións dos conceptos *onomástica*, *toponimia* e *antroponimia*, clasificacións dos topónimos, pasos a seguir para a realización dunha ficha microtoponímica e léxico básico para traballar coa toponimia). A continuación, preséntase unha pequena mostra, que pode consultarse enteiramente no apartado final de anexos (anexo I, p. 52).

## A ONOMÁSTICA

A **onomástica** é a ciencia encargada de estudar os nomes propios (nomes, apelidos e nomes de lugar ou topónimos). A parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes e dos apelidos de persoa recibe o nome de **antroponimia**. A parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar ou topónimos (concellos, parroquias, lugares, predios, prados, fontes, regatos etc.) chámase **toponimia**. En resumo:

- **Onomástica**: disciplina lingüística e científica que se ocupa do estudo dos nomes propios. Divídese en:
    - **Toponimia**: parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar.
    - **Antroponimia**: parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes e apelidos persoais.



## A TOPONIMIA

Dentro da toponimia podemos distinguir entre **toponimia maior** ou **macrotoponimia** e **toponimia menor** ou **microtoponimia**.

A **toponimia maior** ou **macrotoponimia** é a parte da toponimia que estuda o nome dos concellos, parroquias e lugares (hoxe en día está recollida oficialmente no *Nomenclátor de Galicia,* que pode consultase na súa versión web: https://www.xunta.gal/nomenclator). Os elementos estudados por esta disciplina denomínanse **topónimos maiores** ou **macrotopónimos**. Exemplos: *Antas de Ulla, Betanzos, Cambados, Forcarei, Ordes, Melide* e outros.

A **toponimia menor** ou **microtoponimia** e a parte da toponimia que estuda o nome de predios, leiras, prados, fontes, regatos, portas etc. Estes nomes non están oficialmente rexistrados, senón que viven na memoria dos falantes. Os elementos estudados por esta disciplina denomínanse **topónimos menores** ou **microtopónimos**. Exemplos: *A Leira Daló, A Cualleira, O Caño da Regueira, Os Bídalos de Fóra* e outros.

Polo tanto:




**Necesidade de intervención na toponimia galega (situación sociolingüística)**: hoxe existe a necesidade de recoller os nomes tradicionais dos distintos territorios para evitar a súa desaparición. A concentración parcelaria, a apresurada partida do mundo agrario, a perda de poboación e a urbanización das vilas tiveron como consecuencia a desaparición de moitos nomes do territorio galego.

**Cal é a finalidade de estudar toponimia?** Contribuír ao mantemento do noso patrimonio toponomástico e á normalización lingüística e xeográfica do mesmo.

*Ilustración 1. Apuntamentos teóricos sobre toponimia. Fonte: elaboración propia.*

Estas nocións serán explicadas detidamente polo docente coa axuda dunha presentación dixital que se proxectará na aula (anexo II, p. 59). A seguir, dispóñense a modo de exemplo algunhas diapositivas creadas coa aplicación *PowerPoint*:




*Ilustración 2. Presentación dixital Unidade didáctica Atopa Topónimos. Fonte: elaboración propia.*




*Ilustración 3. Presentación dixital Unidade didáctica Atopa Topónimos. Fonte: elaboración propia.*

Esta primeira actividade contempla tamén o visionamento de dúas proxeccións que abordan a microtoponimia desde o punto de vista educativo. Preténdese que sirvan de axuda para que os estudantes asenten os contidos impartidos e que supoñan para eles un achegamento máis real a este dominio. Visualizaranse e comentaranse conxuntamente dous vídeos: un sobre a microtoponimia do Xurés (https://cutt.ly/xJ7jjSO) e outro sobre un proxecto toponímico do colexio SEI San Narciso de Marín (https://cutt.ly/4JIQjCN) (no caso de que non dea tempo a ver os dous na mesma sesión, aproveitarase para rematalos nos últimos minutos das seguintes). Igualmente, tamén se empregarán as partes finais das sesións para que o alumnado navegue por diferentes portais webs sobre toponimia (*Galicia Nomeada*, *Toponimia de Galicia* etc.).

Para abordarmos de maneira integrada este tema, suxírese establecer, na medida do posible, un acordo cos departamentos de Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía para que nestas

materias se reforcen nocións de grande importancia compartidas co ámbito da toponimia: *provincia, concello, parroquia, lugar, fitonimia, oronimia, hidronimia, zoonimia* e *hodonimia,* entre outras.

### Actividade 2: e ti de onde vés sendo?

A segunda actividade céntrase na toponimia maior e menor da contorna do grupo. O seu obxectivo principal é conseguir que o alumnado sexa quen de diferenciar sen dificultade as dúas vertentes desta parte da onomástica.

Para a súa realización é necesario que cada estudante acuda á clase cunha fotografía persoal en tamaño DNI, información que deberá ser comunicada, cando menos, o día previo. Tamén con anterioridade, o docente colocará nun lugar visible da aula un mapa mudo de grandes dimensións que conteña as parroquias en que vive o alumnado. Por exemplo:




*Ilustración 4. Mapa mudo das parroquias do concello de Antas de Ulla. Fonte: Wikimedia Commons*[7].

Na sesión en que se realice esta actividade, os alumnos, de maneira ordenada, localizarán a súa freguesía no mapa e pegarán a imaxe nela. Ao mesmo tempo, deberán facer unha breve exposición en que mencionen a provincia e o concello ao que pertence a súa parroquia e o lugar concreto en que viven, así como algún microtopónimo situado na súa contorna que coñezan (prado, leira, fonte, monte etc.). Deseguido, terán que aventurarse, con axuda do docente, do material disposto na aula e dos apuntamentos, a ir introducindo algúns conceptos xa explicados (o motivo polo que cren que un lugar se chama dun xeito, a consulta do dicionario para descubrir a súa etimoloxía, a información que eles mesmos posúen sobre el etc.).

---

[7] Dispoñible en: https://cutt.ly/iKwFXkL.

A realización desta actividade será en todo momento colectiva. Ademais, planifícase como unha especie de posta en práctica conxunta que introduce unha tarefa individual de semellantes características que será realizada unha vez afianzados os coñecementos máis importantes e o procedemento de traballo que require a toponimia.

Por suposto, son fundamentais os momentos empregados para o intercambio de opinións e formulación de dúbidas entre o docente e o alumnado.

### 4.7.2 Actividades de traballo de campo e escolla

O traballo de campo é un método de observación e recolección de datos que permite coñecer e avaliar o que ocorre nun determinado ámbito. En toponimia, baséase fundamentalmente na enquisa oral e busca rexistrar coa máxima fidelidade os (micro)topónimos, tal e como son pronunciados polos falantes do lugar.

#### Actividade 3: chuvia de microtopónimos

Para esta actividade os estudantes terán que poñerse en contacto con membros da súa familia (pais, avós, tíos, primos etc.), con veciños ou con coñecidos do lugar en que viven para informárense sobre a microtoponimia da súa contorna. Así, preguntarán polo nome de 20 accidentes xeográficos ou lugares non habitados como leiras, fontes, regueiros, penedos, montes etc. e a súa descrición (e.g. o manancial *O Caño da Rigueira*, ao que se lle atribúen propiedades rexenerativas, é un nacemento natural de auga que serve para o rego dos predios próximos e para o consumo humano).

Cómpre transmitir ao grupo que é importante que os microtopónimos estean situados preto do lugar de residencia de cada un, pois ademais de que algúns deles serán obxecto de análise, tamén se pretende que sexan visitados nalgunhas actividades.

Para a realización do traballo de campo fóra do horario escolar, o alumnado deberá traer cuberta unha ficha co nome dos 20 microtopónimos mais a provincia, o concello, a parroquia e o lugar en que se encontra cada un (anexo III, p. 63). Exponse a seguir unha mostra da ficha en cuestión:

*Táboa 3. Ficha de recollida de microtopónimos. Fonte: elaboración propia.*

| **Microtopónimo 1** | **Microtopónimo 2** | **Microtopónimo 3** |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

Unha vez realizado este traballo de campo a baixa escala, os estudantes presentarán a súa recollida de maneira individual na aula. Despois, será necesario que cada un realice unha selección, pois é posible haxa microtopónimos repetidos, feito que dará pé a unha reflexión sobre o feito de que exista un mesmo topónimo en lugares xeográficos distanciados entre si. Ademais, convén encarar con prudencia a escolla de microtopónimos debido á escuridade, homonimia e ao debate etimolóxico que moitos deles presentan.

Daquela, sempre que se poida, seguirase o interese particular do grupo e cada estudante deberá escoller 5 *ítems* (dos 20 recollidos[8]) que serán obxecto de análise nas vindeiras actividades.

### 4.7.3 Actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación

Teñen como finalidade exercitar, afianzar e asentar os coñecementos que engloba a proposta de intervención educativa. Encóntranse neste grupo 5 actividades.

#### Actividade 4: investigade filólogos

A primeira contempla os estudantes como filólogos e pretende que se mergullen de cheo na iniciación á investigación. Para isto, cubrirán unha ficha microtoponímica por cada ítem escolmado na actividade de escolla (5). Este documento componse polos seguintes campos:

- Datos introdutorios (microtopónimo recollido e provincia, concello, parroquia e lugar en que se sitúa).
- Clasificación semántica: o factor (ou factores) que motivaron a denominación dun nome de lugar permite realizarmos unha clasificación dos topónimos en campos semánticos (agrotoponimia, fitotoponimia, hidrotoponimia, hábitat humano, hodotoponimia, orotoponimia, zootoponimia, haxiotoponimia e antrotoponimia). Exemplos: no nome de lugar *Outeiro* advertimos a presenza dun lexema cuxo significado está relacionado coa configuración morfolóxica do terreo, polo que semanticamente é un orotopónimo; en *Río* observamos un nome de lugar baseado nun substantivo que posúe como sema definitorio 'auga', polo que se trata dun hidrotopónimo. O alumnado obterá os datos para facer esta clasificación dos apuntamentos teóricos.
- Clasificación etimolóxica: implica a adscrición dun topónimo a un estrato lingüístico determinado: prerromano, latino, xermánico ou arábigo. Con todo, o feito de que cada

[8] Suxírese que o profesorado que realice esta proposta lle dea proveito no decorrer do curso ao material toponímico completo recollido polo alumnado a partir da súa introdución na aplicación *Galicia Nomeada* (https://galicianomeada.xunta.gal).

topónimo estea encadrado nalgunha destas camadas, non significa necesariamente que as súas xéneses se sitúen en tales períodos históricos, senón que puideron ser habilitados como nomes de lugar en calquera altura cronolóxica. Os estudantes conseguirán esta información a partir do emprego do dicionario DIGALEGO[9] e tamén dos dicionarios etimolóxicos presentes na aula.

- Información adicional: descrición física do lugar e outros datos que poidan resultar interesantes sobre o espazo en que se sitúa o microtopónimo (e.g. lendas, ditos, crenzas, refráns etc. vinculados a el).

A ficha microtopónimica deseñada para a actividade é a seguinte:

# FICHA MICROTOPONÍMICA

| Datos introdutorios |
|---|
| **Microtopónimo:** |
| **Provincia:** |
| **Concello:** |
| **Parroquia:** |
| **Lugar:** |
| **Clasificación semántica** |
| |
| **Clasificación etimolóxica** |
| |

[9] Dispoñible en: https://digalego.xunta.gal.

| Información adicional |
| --- |
| |

*Ilustración 5. Ficha microtoponímica. Fonte: elaboración propia.*

Como soporte de axuda, o grupo terá á súa disposición o docente, os materiais e recursos didácticos contemplados para esta proposta (*vid*. apartado 4.9) e os apuntamentos teóricos, onde figura un modelo a seguir de ficha microtoponímica (*vid*. p. 57).

Esta é unha das actividades centrais da proposta educativa, pois nela póñense en marcha operacións moi completas que esixen un bo manexo das fontes de información, así como tamén unha capacidade elevada de comprensión. Ademais, a correcta realización desta tarefa é indispensable para a elaboración das próximas. Cando se rematen as fichas microtoponímicas, calcularanse porcentaxes para determinar cal é o ámbito semántico (microfitotoponimia, microhidrotoponimia, microzootoponimia etc.) predominante na escolla do grupo e se este coincide cos padróns establecidos por Boullón Agrelo en canto á toponimia galega (2019).

#### Actividade 5: onte filólogos, hoxe reporteiros

Na segunda actividade desta esencia, cada estudante deberá realizar, a xeito de reporteiro, unha gravación en que describa e mostre o lugar en que se encontra un microtopónimo da súa escolla, polo que terá que visitalo necesariamente. O obxectivo que se busca é que o alumnado expoña de maneira oral —en non máis dun minuto e coas súas palabras— a información que previamente plasmou nas fichas microtoponímicas, isto é, o nome do microtopónimo xunto coa súa posición xeográfica (provincia, concello, parroquia e lugar), a motivación semántica, a clasificación etimolóxica e algunha información adicional.

Xa que o grupo ten total liberdade na realización da reportaxe (emprego de micrófono, vestimenta determinada, voz, entoación, gravación de distintos planos, imaxes etc.), na sesión destinada a esta actividade proxectaranse, co fin de inspirar, dous microdocumentais da serie

"Os nomes da nosa terra"[10], unha iniciativa da Asociación Socio-Pedagóxica Galega que procura difundir nas redes sociais os feitos e historias que orixinaron os nomes de aldeas, leiras ou corredoiras que constitúen algúns dos máis de dous millóns de microtopónimos galegos. Concretamente seleccionáronse os de Barcia de Mera (https://cutt.ly/8KtFbwK) e o Monte Pindo (https://cutt.ly/RKtFmdU).

O alumnado dispoñerá de dous días, como mínimo, para a elaboración desta actividade e, unha vez rematada, deberá enviala por correo electrónico ao docente, quen se encargará de unir todos os fragmentos e crear un vídeo que será proxectado na última sesión.

### Actividade 6: microtopónimo en perigo de extinción

Esta actividade consiste no deseño dun cartel que sinalice un microtopónimo da selección individual de cada alumno (que debe ser diferente do escollido para a gravación da reportaxe). Debido á progresiva perda e á escasa indicación da microtoponimia galega, esta tarefa persegue protexela e sinalizala, facendo o alumnado partícipe de todo o proceso. Para isto, proponse o emprego da aplicación *Canva*, unha ferramenta que permite realizar deseños gráficos online de maneira gratuíta e sen a necesidade de ter unha conta creada.

Deste xeito, pedirase aos estudantes que accedan á súa páxina principal[11] e fagan clic no apartado "Presentación". Acto seguido, abrirase unha xanela en que poderán explorar diferentes modelos  e comezar a personalizar os seus deseños. A información indispensable que ten que constar no cartel é a mesma que a da ficha microtoponímica, pero, neste caso, debe adoptar un formato resumido, de maneira que o resultado final sexa visual á par que instrutivo. A continuación móstrase un modelo:




*Ilustración 6. Cartel sinalizador do microtopónimo Carballos. Fonte: elaboración propia.*

---

[10] Dispoñibles en: https://bityli.com/sCYhZa.
[11] Dispoñible en: https://www.canva.com.

Posteriormente, o alumnado terá que acudir ao lugar en que se atopa o microtopónimo e colocar o cartel sinalizador tallado en madeira co soporte necesario para que se manteña no territorio o maior tempo posible. Daquela, esta actividade efectuarase en colaboración co departamento de fabricación mecánica do IES, se o houber e, se non, con algunha empresa local do concello en cuestión. Cada estudante enviará unha imaxe ao docente por correo electrónico para ter constancia da inauguración do sinal microtoponímico e elaborar un álbum colectivo con todas as fotografías. Proponse, asemade, unha excursión final[12] que lle permita ao grupo visitar, se non todos, algúns lugares en que se sitúan os microtopónimos dos seus compañeiros e os seus respectivos carteis sinalizadores.

#### Actividade 7: topodebate

A cuarta actividade consiste nun debate. A realización deste tipo de actos na aula contribúe ao desenvolvemento do pensamento crítico e das habilidades de razoamento e de comunicación, fomenta a cooperación, o respecto e o traballo en equipo e achega unha maior motivación, participación e comprensión ao contido da materia. Por iso, suxírese que os estudantes asuman o rol de estudosos de prestixio e debatan en dous grandes grupos cuestións como as seguintes:

- a toponimia non serve para nada *vs*. a toponimia é imprescindible
- a toponimia debe ser estudada nos centros educativos *vs*. a toponimia non debe ser estudada nos centros educativos
- a conservación dos microtopónimos non é necesaria *vs*. a conservación dos microtopónimos é moi necesaria

A realización desta actividade implicará unha redistribución na aula e as mesas serán colocadas en dous bloques diferenciados por un espazo central baleiro, de maneira que se diferencien dous grupos, un en fronte ao outro. Unha vez que todos os estudantes se encontren nunha das zonas, o docente indicará cales son as regras que deben respectar:

a) É obrigatorio que participen todos os membros do equipo. O grupo que máis participe terá unha maior puntuación.

b) Valoraranse os argumentos que integren a información dos apuntamentos teóricos. O grupo que máis argumentos axeitados achegue terá unha maior puntuación.

[12] A realización desta saída organizarase xunto co equipo de dirección do centro cando se estime oportuno, por iso non se contempla nas sesións formuladas desta proposta.

c) Recoñecerase positivamente o emprego de terminoloxía especializada no tema e unha maneira axeitada de expresarse (ton de voz, xesticulación, contacto visual etc.).

d) Non se permiten faltas de respecto.

Unha vez coñecidas as normas, o docente, que asume o papel de moderador, escribirá no taboleiro as cuestións a debater e indicará os argumentos que defenderá cada equipo. Despois, concederá uns minutos para que os grupos organicen as quendas de intervención e os razoamentos que empregarán e, deseguido, comezará o debate.

### Actividade 8: topopráctica

A última actividade desta natureza baséase na elaboración dunha práctica —de xeito individual, colectivo ou por parellas— que incorpora diferentes exercicios: encrucillados, sopas de letras, preguntas de resposta curta, cuestións para relacionar conceptos, completar espazos, buscas na rede etc. (anexo IV, p. 65). No seguinte cadro poden visualizarse algúns exemplos:

1. **Relaciona os nomes da esquerda coa súa correspondente definición.**

| | |
|---|---|
| Toponimia | Topónimo relacionado coa auga |
| Parroquia | Territorio formado por varias parroquias |
| Etimoloxía | División administrativa de rango inferior ao concello |
| Agrotopónimo | Ciencia que estuda a orixe das palabras |
| Onomástica | Parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar |
| Lugar | Topónimo relacionado coas actividades agrícolas |
| Hidrotopónimo | Ciencia que estuda os nomes, os apelidos e os nomes de lugar |
| Concello | Núcleo pequeno de poboación de carácter rural |

2. **Entra no *Nomenclátor de Galicia* e pon exemplos dos seguintes tipos de topónimos:**

- Topónimos escuros:
- Topónimos transparentes:
- Topónimos simples:
- Topónimos compostos:

3. **Coa axuda do dicionario DIGALEGO, escribe a etimoloxía dos seguintes topónimos (prerromana, latina, xermánica, árabe):**

- A Nogueira:
- A Aldea:
- Outeiro:
- Os Carballos:
- Os Blancos:

4. **Cal é a diferenza entre macrotoponimia e microtoponimia?**

5. **Por que é necesario conservar a microtoponimia galega?**

6. **Cita 10 topónimos (macrotopónimos ou microtopónimos) da túa contorna.**

*Ilustración 7. Exercicios prácticos sobre toponimia. Fonte: elaboración propia.*

Unha vez rematados os exercicios, serán corrixidos colectivamente. Con esta tarefa búscase acadar un asentamento dos contidos e promover un clima activo e dinámico que potencie a autonomía e o desenvolvemento do grupo.

#### 4.7.4 Actividades de peche e (auto)avaliación

As tarefas que se presentan a continuación serven para poñer en práctica os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos ao longo do desenvolvemento da proposta de intervención educativa. Ademais, desexan facer partícipes aos estudantes da súa avaliación a través da reflexión sobre o seu traballo e o seu grao de implicación, á vez que meditan arredor dos cambios que deben agregar no seu día a día para arrequeceren o proceso de aprendizaxe.

##### Actividade 9: (auto)avaliación e topoadeus (quizizz, ficha metacognitiva, ficha de avaliación docente e reflexión crítica sobre o tema)

Consta neste grupo a realización dun cuestionario online por medio de *Quizizz*[13], unha plataforma baseada en enredos de preguntas que posibilita unha aprendizaxe creativa feita á medida. Esta ferramenta permite que o alumnado se involucre no estudo a partir do xogo e fixe na memoria contidos a partir dunha experiencia lúdica.

[13] Dispoñible na seguinte ligazón: https://cutt.ly/lJhBDkG.



*Ilustración 8. Pregunta do cuestionario online sobre toponimia. Fonte: Quizizz.*



*Ilustración 9. Pregunta do cuestionario online sobre toponimia. Fonte: Quizizz.*

Proponse, ao mesmo tempo, a elaboración dunha ficha metacognitiva e dunha ficha de avaliación docente para adoptarmos unha perspectiva máis ampla e realista do impacto que tivo a proposta e a maneira de abordala por parte da docente (anexos V e VI, pp. 69-71).

Por último, para realizarmos unha avaliación sumativa do alumnado contémplase a redacción dunha reflexión crítica, individual e argumentada en que se faga referencia aos contidos tratados ao longo da presente proposta, que será entregada con posterioridade por correo electrónico.

## 4.8 Secuenciación das sesións

Para o desenvolvemento das actividades exhibidas previamente suxírese a seguinte secuenciación de sesións:

*Táboa 4. Secuenciación das oito sesións. Fonte: elaboración propia.*

| Lingua Galega e Literatura (2º ESO) | | |
|---|---|---|
| **Unidade didáctica *Atopa topónimos*** | | |
| **Sesión (50')** | **Nome** | **Actividades** |
| 1 | *Diagnóstico e presentación* | ▪ Diagnóstico dos coñecementos previos do alumnado a través da demanda dunha definición que responda á pregunta *Que pensas que son a onomástica, a antroponimia e a toponimia?* e a súa correspondente posta en común.<br>▪ Explicación teórica sobre a onomástica e as súas vertentes (toponimia e antroponimia).<br>▪ Lectura das fichas teóricas.<br>▪ Visionamento e análise do vídeo sobre a microtoponimia do Xurés (selección de fragmentos para adaptarse ao tempo da sesión): https://cutt.ly/xJ7jjSO.<br>▪ Presentación dalgunhas páxinas webs sobre toponimia (selección para adaptarse ao tempo): https://galicianomeada.xunta.gal, https://toponimia.xunta.gal/es.<br>**Tarefa de presentación: actividade de diagnóstico e presentación** |
| 2 | *E ti de onde vés sendo?* | ▪ Explicación da macrotoponimia e da microtoponimia.<br>▪ Localización nun mapa das diferentes parroquias do alumnado.<br>▪ Adhesión de imaxes do alumnado en cadansúa freguesía. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ Iniciación á investigación da toponimia de maneira colectiva con axuda do material disposto na aula e dos apuntamentos teóricos (*por que o meu concello, a miña parroquia, o meu lugar se chaman así? por que o monte que teño ao lado da casa recibe ese nome?*).<br>▪ Introdución ao traballo de campo: explicación e reparto das fichas de recollida de 20 microtopónimos presentes na contorna do alumnado (tarefa que se realizará fóra do centro).<br>**Tarefa de presentación: actividade de diagnóstico e presentación** |
| 3 | *Chuvia de microtopónimos* | ▪ Presentación dos 20 microtopónimos seleccionados por cada alumno.<br>▪ Escolma individual de 5 microtopónimos en función dos gustos persoais con asesoramento da docente (para evitar nomes escuros, homónimos e con debate etimolóxico).<br>▪ Visionamento e análise do proxecto toponímico do colexio SEI San Narciso de Marín (selección de fragmentos para adaptarse ao tempo da sesión): https://cutt.ly/4JIQjCN.<br>**Tarefa 1: actividades de traballo de campo e escolla** |
| 4 | *Investigade, filólogos* | ▪ Elaboración individual das fichas microtoponímicas (1 por cada ítem).<br>▪ Utilización dos recursos materiais (ordenador, dicionarios, obras toponímicas).<br>**Tarefa 2: actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación** |
| 5 | *Onte filólogos, hoxe reporteiros* | ▪ Explicación dunha actividade para realizar fóra do centro: gravación dun vídeo en que se mostre e se describa (datos introdutorios, clasificación semántica e etimolóxica e información adicional) un dos microtopónimos da escolla individual de cada alumno (é |

| | | |
|---|---|---|
| | | necesario acudir ao espazo xeográfico en que se atopa). Envío do vídeo ao docente por correo electrónico.<br>▪ Proxección de dous microdocumentais da serie "Os nomes da nosa Terra" (Barcia de Mera e o Monte Pindo: https://cutt.ly/8KtFbwK, https://cutt.ly/RKtFmdU) e análise dos mesmos.<br>▪ Reparto e explicación de fichas de exercicios prácticos e inicio da súa realización.<br>**Tarefa 3: actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación** |
| 6 | *Microtopónimo en perigo de extinción* | ▪ Selección dun microtopónimo por alumno (diferente ao escollido para a reportaxe).<br>▪ Deseño dun cartel sinalizador da microtoponimia na aplicación *Canva*.<br>**Tarefa 4: actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación** |
| 7 | *Topodebate e topopráctica* | ▪ Debate en dous grupos sobre distintas cuestións que xiran arredor da toponimia.<br>▪ Remate das fichas de exercicios prácticos.<br>**Tarefa 5: actividades de investigación, desenvolvemento práctico e consolidación** |
| 8 | *(Auto)avaliación e topoadeus* | ▪ Realización dunha ficha metacognitiva.<br>▪ Realización dunha ficha de avaliación docente.<br>▪ Realización dun xogo de preguntas na plataforma *Quizizz*.<br>▪ Proxección do vídeo final sobre o corpus microtoponímico escolmado polo alumnado.<br>▪ Entrega de todas as tarefas ao docente.<br>▪ Redacción dunha reflexión sobre o tema estudado (tarefa que se realizará fóra do centro).<br>**Actividade de peche e (auto)avaliación** |

## 4.9 Materiais e recursos didácticos

Preséntase neste apartado o conxunto de materiais e recursos didácticos implícitos na aplicación da proposta de intervención educativa *Atopa topónimos*. Estes abarcan apuntamentos teóricos, presentacións de *PowerPoint*, fichas de exercicios, páxinas web, dicionarios de uso e etimolóxicos e bibliografía específica sobre o tema.

Xa que a toponimia non vén —xeralmente— recollida nos libros de texto, é imprescindible elaborar uns apuntamentos teóricos que funcionen como fonte de información principal e que engloben a totalidade de contidos para os estudantes realizaren as actividades sen dificultades. Deben ser distribuídos na primeira sesión e acompañados dunha explicación por parte do docente que asegure a asimilación dos conceptos. Ademais, búscase que sexan un material de consulta reiterada (anexo I, p. 52).

A aplicación *Microsoft PowerPoint* permitirá crear unha presentación que exerza de base visual e soporte da teoría. Preténdese que o alumnado siga a explicación do docente a partir dos apuntamentos teóricos e a súa reciprocidade na presentación dixital, que irán a un tempo. O fin do emprego deste recurso é facilitar a intelixibilidade dos contidos (anexo II, p. 59). Tamén se suxire a elaboración dunha ficha para simplificarmos a recollida de microtopónimos do alumnado, de xeito que nela figuren os datos necesarios para a identificación dos ítems (nome, provincia, concello, parroquia e lugar en que se atopan) (anexo III, p. 64).

Os coñecementos teóricos serán postos en práctica a través dunhas fichas de exercicios, útiles para que o grupo interiorice e poña en práctica os contidos explicados. Así mesmo, a súa realización, primeiro individual e, despois, colectiva, favorecerá unha activación na aula que contribuirá ao rendemento académico (anexo IV, p. 65). O mesmo procedemento seguirase na elaboración das fichas microtoponímicas, en que os discentes deberán completar unha serie de campos inherentes ao estudo dos nomes de lugar (situación xeográfica do microtopónimo, clasificación semántica, clasificación etimolóxica e información adicional) (*vid*. pp. 27, 28).

Un medio fundamental para o desenvolvemento desta proposta de intervención educativa é o soporte dixital. Unha boa conexión a internet, un ordenador e mais un proxector servirán para levar á aula unha gran cantidade de recursos para traballarmos a onomástica en sentido xeral. As páxinas web que se contemplan son as seguintes:

- *Youtube*: plataforma a través da que se accederá a vídeos sobre a toponimia (desde microreportaxes microtoponímicas a aplicacións didácticas en centros educativos). Entre eles encóntranse os seguintes: https://cutt.ly/kKyNIki, https://cutt.ly/4KyNDD9.
- *Galicia Nomeada*[14]: plataforma para a recollida, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega e mais da tradición oral asociada a ela. Empregarase este material para poñer en contacto o alumnado coa recollida de microtoponimia e con algúns dos nomes xa referenciados na súa contorna.
- Portal das Palabras[15]: iniciativa da Real Academia Galega e da Fundación Barrié para difundir e potenciar o traballo lexicográfico da Academia por medio de artigos, xogos e vídeos. Aproveitarase a presenza de varias entradas dedicadas á toponimia[16] para que o alumnado investigue, lea e adquira competencias sobre o tema.
- DIGALEGO[17]: dicionario galego en formato electrónico que ofrece, ademais das definicións dos temos buscados, as súas etimoloxías, polo que será unha ferramenta crucial para a clasificación etimolóxica dos topónimos.
- *Dicionario da Real Academia Galega*[18]: dicionario online de referencia para a consulta de léxico.
- *Toponimia de Galicia*[19]: portal que ofrece unha vasta información sobre a riqueza toponímica de Galicia (significado de topónimos, fotografías aéreas, noticias, curiosidades etc.).

A pesar de que a necesidade de consultar dicionarios para coñecermos o significado e a etimoloxía dunha palabra queda resolta coas referencias electrónicas citadas enriba, esta proposta desexa considerar tamén o emprego de dicionarios de uso e etimolóxicos en soporte físico. Así, os dicionarios Xerais da Lingua e os da Real Academia Galega son materiais básicos para a realización das actividades deseñadas.

Para rematar, a xénese desta proposta fundouse nunha previa investigación sobre o tema, de maneira que se estima importante levar á aula unha relación bibliográfica que axude ao alumnado a crear un repertorio amplo por volta da toponimia. Con todo, convén aclararmos que o que se pretende non é, por suposto, unha análise nin unha lectura completa de todas as pezas

[14] Dispoñible en: https://galicianomeada.xunta.gal.
[15] Dispoñible en: https://portaldaspalabras.gal.
[16] Dispoñibles en: https://portaldaspalabras.gal/etiquetas/toponimia/.
[17] Dispoñible en: https://digalego.xunta.gal.
[18] Dispoñible en: https://academia.gal/dicionario.
[19] Dispoñible en: https://toponimia.xunta.gal/gl.

que se presentan, senón a posibilidade de que os estudantes poidan consultalas en calquera momento no decurso da intervención educativa.

Así, con efectos mostrativos, escolmouse unha combinación de estudos puramente científicos con outros máis próximos á realidade do alumnado. Encóntranse na selección as seguintes pezas: *A Lama: os nomes dos lugares (estudo da toponimia)* (1995), de Xosé Carlos Morgade Martínez; *Por* que *se chama así este sitio? O significado dos nomes de lugar* (2000) de Luz Méndez; *Enredando nos topónimos con Rodari* (2008) de Xulia Marqués; *Toponimia de Galicia* (2008), de Fernando Cabeza Quiles; *Toponimia de Dodro e de Laíño: os nomes na auga* (2011), de Manuel Lorenzo Baleirón; *Toponimia de Begonte e Rábade* (2018), de Paulo Martínez Lema; e *Toponimia de Carballo* (2021), de Fernando Cabeza Quiles.

Considérase que cos materiais presentados pode levarse a cabo de maneira proveitosa a proposta de intervención educativa *Atopa topónimos*.

## 4.10 Avaliación

Dáse a coñecer nesta parte a avaliación da proposta de intervención educativa *Atopa topónimos*, proxectada nunha dupla dirección: cara ao alumnado e cara á proposta e á práctica docente.

### 4.10.1 Avaliación do alumnado

De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE), a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora. Para tal fin, esta proposta formula uns procedementos e uns instrumentos de avaliación que contribúen ao grao de adquisición das competencias establecidas e ao logro dos obxectivos de etapa.

Por unha banda, os procedementos de avaliación suxeridos envolven unha avaliación inicial, unha avaliación formativa e unha avaliación final ou sumativa. A avaliación inicial é realizada co fin de coñecer e valorar a situación de partida do alumnado en canto ao grao de coñecementos sobre o contido central. Esta taxación terá en conta as definicións lanzadas arredor da toponimia na primeira sesión e a posterior posta en común, así como tamén a actividade *E ti de onde vés sendo?* Terá un carácter orientador e será o punto de referencia do docente para a toma de decisións sobre o desenvolvemento e a adecuación das próximas sesións. En función dos resultados, o docente adoptará as medidas de apoio e recuperación necesarias para aqueles estudantes que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidades

específicas de apoio educativo se o houber. Esta avaliación inicial non supón ningún peso na cualificación final dos discentes.

A avaliación formativa concíbese como un proceso cuxa finalidade consiste en informar ao docente sobre se o estudante está acadando en tempo e forma os obxectivos de aprendizaxe da proposta. Este tipo de avaliación implica unha serie de actividades realizadas de maneira periódica en que se valora o proceso de aprendizaxe. Cando a evolución dun alumno non sexa a axeitada, adoptaranse medidas de reforzo educativo. A avaliación formativa desta proposta abrangue a realización de cinco fichas microtoponímicas (30%), unha exposición oral gravada (20%), un cartel sinalizador da microtoponimia (20%), un debate (10%), uns exercicios prácticos (5%) e unha escolma de microtopónimos a partir do traballo de campo (5%). Ademais, tamén avaliará o traballo e a actitude na aula (10%). Esta avaliación representa un 85% da cualificación final dos discentes.

A avaliación sumativa realízase *a posteriori* e ten como propósito descubrir e valorar se o grupo atinxiu os obxectivos de aprendizaxe que lle permitan ao docente asegurar a adquisición dos contidos. Neste caso, a proposta prevé a redacción dunha reflexión final en que o alumnado demostre o manexo do tema (vocabulario e contidos). Esta tarefa simbolizará un 15% da cualificación. Deste xeito, a adición da avaliación formativa (85%) e da avaliación sumativa (15%) determinará a cualificación final de cada estudante. Con todo, un resultado igual ou superior a 5 na proba realizada na aplicación *Quizizz* poderá incrementar proporcionalmente a nota ata un punto máis (10%), resolución que pretende espertar a motivación e o interese do alumnado.

Por outra banda, os instrumentos de avaliación defínense como as ferramentas que recollen a información precisa para determinarmos en que grao o alumnado acadou os obxectivos e as competencias esperadas. Esta proposta sírvese de catro rúbricas (anexo VII, p. 72) que avalían obxectivamente as fichas microtoponímicas, a exposición oral da reportaxe sobre un microtopónimo, o debate e a reflexión final. Ademais, contempla un caderno docente que recolle, a partir da observación directa, un rexistro do traballo —individual e colectivo—, do interese e da disposición que reflicte cada un.

Para rematar coa avaliación do alumnado, considérase tamén a realización dunha ficha metacognitiva en que o grupo reflexione de maneira individual e anónima sobre a súa propia aprendizaxe e se amose consciente dos contidos aprendidos, coñeza para que lle serven e sexa capaz de aplicalos non só a outros saberes xa consolidados, senón tamén á súa vida diaria.

### 4.10.2 Avaliación da proposta e da práctica docente

Schacter e Thum (2004) afirman que desde os tempos de Aristóteles e Sócrates aos de Montessori e Piaget ou Bruner e Hanushek intentáronse describir as calidades, actitudes, coñecementos e habilidades que definen ao profesorado eficaz. O motivo desta busca milenaria encóntrase na realidade: un mellor profesor deriva nunha mellor aprendizaxe.

Así, a avaliación da práctica docente, lonxe de ser unha crítica ao seu traballo ou unha restrición á súa liberdade de cátedra, tórnase un proceso primordial para mellorar o desempeño do seu labor. Deste xeito, a través dunha ficha de avaliación docente (anexo VI, p. 71), o alumnado debe cubrir unha enquisa con distintos ítems suxeitos a unha escala de valoración comprendida entre 1 e 5, sendo o 1 a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado).

# 5 APLICACIÓN PRÁCTICA DA PROPOSTA

O segundo período de prácticas do Mestrado en Profesorado fixo posible a aplicación práctica desta proposta nun centro de ensinanza secundaria. Nos subapartados sucesivos ofrécense unha contextualización do centro e do concello onde se realizou e unha descrición e análise da súa execución.

## 5.1 Contextualización do concello e do centro

A aplicación desta proposta de intervención educativa efectuouse durante o curso actual (2021-2022) no IES de Monterroso, un centro pequeno de acusado carácter rural situado no concello lucense de Monterroso. Este limita ao norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei, ao oeste cos de Palas de Rei e Antas de Ulla, ao leste cos de Portomarín, Taboada e Guntín e ao sur co de Taboada. É a capital da comarca da Ulloa, conformada tamén polos territorios veciños de Antas de Ulla e Palas de Rei. Pertence ao partido xudicial de Chantada e comprende 30 parroquias compostas por 136 núcleos de poboación. Monterroso posúe unha superficie territorial de 118km$^2$ e a súa poboación sitúase nos 3562 habitantes segundo o censo do 2021.



*Ilustración 10. Situación xeográfica do concello de Monterroso. Fonte: elaboración propia.*

Un dos trazos sobranceiros da comarca da Ulloa é a súa configuración natural, que se corresponde coa conca alta do río Ulla. A fauna é típica do interior galego: lobos, raposos, londras, lebres, coellos, perdices, rulas e outras especies propias de climas mornos e húmidos como o de Monterroso. A paisaxe, eminentemente marcada polos montes e ríos, está cuberta por grandes extensións de árbores, sobre todo carballos e castiñeiros.

Os xacementos arqueolóxicos da prehistoria como os petróglifos e diversos monumentos megalíticos revelan unha zona que debeu ser habitada desde tempos antigos. Da época castrexa subsisten restos de asentamentos en numerosos puntos da comarca (Castro de Monterroso, de Amarante etc.). e da época xermánica encóntranse vestixios, principalmente sartegos antropomorfos. Reciben un especial interese os templos parroquiais en que predomina o estilo románico (Esporiz, Bidouredo e outros), aínda que moitos deles presenten reformas da altura barroca e outras posteriores. Non debemos esquecer tampouco os pazos da zona, como os de Amarante, Podente e Laxe. Ademais, o Camiño de Santiago lígase á historia do concello, pois atravesa a parroquia de Ligonde no extremo nororiental do municipio.

Estas características definidoras do concello de Monterroso repercuten directamente no centro educativo que acolle. Polo tanto, é posible desenvolver nel actividades e vivencias marcadas pola natureza, unha contorna idónea para traballar coa (micro)toponimia.

O IES de Monterroso áchase enclavado nunha zona relativamente periférica con respecto ao casco urbano, trazo que lle confire un certo illamento de ruídos e tráfico da estrada nacional. Polo que se refire ás súas dependencias, conta cun edificio principal de $4585m^2$ útiles aos que hai que engadir un anexo que inclúe o ximnasio, o pavillón e unha vivenda que nun tempo foi habitada polo conserxe. Arredor destes espazos existen zonas verdes e unha pista de deportes.

O edificio divídese en catro andares (semisoto, andar baixo, primeiro e segundo andar) en que se distribúen espazos destinados á docencia: laboratorios de ciencias naturais e física e química, aulas de música, de medios audiovisuais, de plástica e debuxo, de tecnoloxía e electrónica, biblioteca e salón de actos. Forman parte del tamén locais previstos para a administración e outros servizos (departamentos, salas de reunión, despachos etc.) e unha cafetaría.

O centro oferta os catro cursos da Ensinanza Secundaria Obrigatoria e os dous do Bacharelato, ademais do Ciclo Formativo de Grao Medio "Sistema Microinformáticos e de Redes" e a Formación Profesional Básica "Informática e Comunicación". Neste curso 2021-2022 alberga un total de 182 alumnos, dos que 105 se encontran na ESO, 48 en BAC, 12 no Ciclo Formativo de Grao Medio e 17 na Formación Profesional Básica. Conta con medidas de atención á diversidade a través da exención de francés (un reforzo educativo nas materias lingüísticas), do Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR de 2º ESO de dous anos de duración e PMAR de 3º da ESO dun ano de duración) e do apoio dunha profesora de pedagoxía terapéutica (PT) dentro e fóra da aula.

O instituto acolle principalmente alumnado procedente dos centros de primaria adscritos ao IES: CEIP de Monterroso e CEIP de Antas de Ulla. Neste último concello, situado a 5 quilómetros, non hai edificio de educación secundaria, polo que os estudantes vense obrigados a desprazarse para poder continuaren os seus estudos.

Malia que a presente proposta se deseñou de maneira explícita e previa para efectuarse no curso de 2º da ESO, a súa execución práctica estivo suxeita aos cursos en que impartía docencia a titora de prácticas (1º, 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato). Após unha reflexión, considerouse oportuno realizala en 1º da ESO coa consecuente adaptación dos contidos ao nivel e ao contexto.

## 5.2 Descrición e análise

O grupo de 1º da ESO en que se aplicou a proposta está configurado por 13 alumnos. Unha fonda taxación previa do alumnado —individual e colectiva— fixo posible a obtención dunha serie de conclusións: en termos xerais, trátase dun colectivo servizal e cunha dinámica de traballo pulida e eficaz. Sobresaía nel un interese por volta dos contidos gramaticais, especialmente aqueles vencellados ás normas ortográficas e morfolóxicas. Non obstante, os estudantes presentaban algúns atrancos para realizaren tarefas de maneira autónoma, así como para redactaren textos, ora en formato dixital, ora en formato papel.

Algúns padróns recorrentes neste grupo ciméntanse no esquecemento do material necesario para o traballo na aula e na entrega serodia das tarefas solicitadas pola docente. Con todo, no momento en que deu comezo a presente proposta didáctica, non había rexistros de alumnado suspenso e, agás 4 estudantes, as cualificacións situábanse entre os notables e os sobresaíntes. Os discentes que presentaban un menor rendemento e unhas cualificacións máis baixas reflectían, como é evidente, unha perda de interese polas actividades efectuadas, ao tempo que mantiñan unha actitude pasiva perante a aprendizaxe e, incluso, perante a docente. Emporiso, verificouse que o seu grao de participación aumentaba de maneira proporcional ao protagonismo que se lles concedía nas sesións.

Outro trazo salientable deste conxunto encóntrase na súa rebeldía. A incipiente adolescencia mais os seus respectivos cambios xeneralizados a todos os niveis xunto con posibles situacións persoais febles ocasionaron que, en ocasións, se instaurara na aula un clima de tensión e nerviosismo. Os rozamentos e as diferenzas entre eles, intensificadas pola superficialidade do mundo dixital en que están inseridos, supoñían pequenos altercados que desviaban a atención dos contidos.

Despois destas breves consideracións, e coa aprobación da docente titular, estimouse apropiado dar comezo á proposta de intervención educativa *Atopa topónimos* co obxectivo de facer nacer a curiosidade dos estudantes por unha temática conectada coa súa vida cotiá, de modo que sexan quen de enxergar un nexo palpable entre o aprendido e a realidade que os arrodea. Esta pretensión tentou lograrse sen que implicase un desaxuste cronolóxico con respecto aos contidos establecidos na programación da materia.

En termos xerais, a aplicación da proposta resultou moi rendible e produtiva para ambas as partes presentes na aula. Con todo, como é de esperar, houbo algúns obstáculos que non só retrasaron e dificultaron o seu desenvolvemento, senón que tamén esixiron certas modificacións.

O atranco máis frecuente relaciónase co esquecemento na casa do material necesario para o seguimento da materia. O alumnado acudía ás sesións sen os apuntamentos teóricos, que lle facilitaban en gran medida a realización dos exercicios prácticos e das fichas microtoponímicas. En consecuencia, optouse por facer uso da plataforma EDIXGAL, unha ferramenta que lle permite aos docentes seleccionar os contidos formativos e incorporar os materiais complementarios que desexen, así como contidos de elaboración propia. Outro remedio aplicado nesta dirección consistiu no reparto dunhas carpetas en que cada alumno introducía o seu material e debían permanecer sempre na aula. No anexo VIII (p. 77) ofrécense algúns resultados das actividades realizadas polos discentes.

A segunda actividade introdutoria que contemplaba a adhesión de imaxes do alumnado nun mapa de parroquias tivo que reconducirse debido a adscrición deste a moi diferentes freguesías, incluso pertencentes a provincias distintas. Isto obrigou a que se levaran á aula dous mapas: un da provincia de Pontevedra e outro da de Lugo. Así, os estudantes acabaron por colocar as fotos no seu municipio correspondente e realizando o resto da actividade tal e como se deseñou.

A escasa práctica que amosou o grupo na busca de información en distintas fontes e na selección de datos relevantes para unha tarefa determinada marcou outra dificultade. Este feito supuxo que, no canto de realizaren as cinco fichas microtoponímicas previstas, elaboraran só dúas. Non obstante, xa que a súa actitude foi en todo momento participativa, non se considerou pertinente que finalizasen esta tarefa na casa.

Por mor da falta de tempo e da ausencia no centro dun departamento de fabricación mecánica, vímonos na obriga de alterar a actividade consistente na realización dun cartel

microtoponímico. Logo, en troques de acudir ao lugar xeográfico en que se encontran os microtopónimos, considerouse a posibilidade de elaborar un mural composto polos deseños do alumnado e expoñelos nun espazo visible do centro para dalos a coñecer aos demais membros da comunidade educativa. Esta modificación gozou de moi boa acollida por parte do colectivo, quen se mostrou satisfeito e orgulloso do traballo realizado. Ademais, esta tarefa foi incluída no conxunto de actividades do Equipo de Dinamización Lingüística do centro.

De centrármonos na actitude do alumnado durante o desenvolvemento da proposta, non houbo maiores mudanzas con respecto á situación instaurada previamente. Con todo, si que se advertiu unha ruptura coas dinámicas establecidas, fundadas na exposición maxistral de contidos e a posterior aplicación dos mesmos en actividades prácticas. Logo, o seguimento das sesións formuladas exixiu non só unha forte e constante atención, senón tamén unha disposición activa e dinámica por parte do estudantado, aptitudes demostradas con fartura.

É interesante destacar unha percepción notoria do sentimento da vergoña entre os compañeiros que sobresaíu, ante todo, á hora de realizaren a reportaxe sobre cadanseu microtopónimo e expoñer o vídeo final na aula. De novo, esta atmosfera xustifícase por medio da etapa de desorientación vital en que están inmersos e remediouse con habelencia a través dunha inicial proxección de elaboración propia en que a docente en prácticas realizaba a mesma tarefa.

Outro aspecto que debe ser resaltado vincúlase coa estrañeza dos discentes no momento en que se quixeron coñecer os seus xuízos por volta das actividades realizadas. Talvez, estas prácticas non tan frecuentes configuran a base que fomenta o protagonismo do alumnado no proceso de aprendizaxe para que logre, deste xeito, os obxectivos suxeridos e unha percepción de autoeficacia. Sublíñase a resposta do alumno que durante o transcurso da proposta estivo, como expresa, *feliz aprendendo*.

Así pois, confírmase que a execución desta proposta de intervención educativa carrexou consecuencias extremadamente positivas a ambos os colectivos, pois foi unha conxuntura excepcional para comezar a cultivarmos de maneira efectiva e real a docencia. Esta oportunidade permitiu detectar os erros na súa formulación e achegou a tranquilidade de saber enfrontarse ás posibles trabas e alteracións nun tempo inmediato.

Daquela, remátase esta análise sobre a aplicación da proposta no IES de Monterroso coa satisfacción dos resultados obtidos: un grupo motivado e engaiolado pola (micro)toponimia e unha docente —en prácticas— que constatou que isto é o que quere para o resto da súa vida.

# 6 CONCLUSIÓNS

Este Traballo de Fin de Mestrado naceu co obxectivo de propulsar a presenza da disciplina lingüística e de carácter autónomo da onomástica e mais as súas vertentes —especialmente a toponimia— no ámbito docente a través dunha proposta de intervención educativa.

A súa aplicación nun instituto de ensinanza secundaria achegou a absoluta certeza de que os nomes de lugar son unha ferramenta de traballo didáctica moi enriquecedora por medio da que o alumnado acada unha perspectiva máis vasta da súa contorna e da súa realidade natural, lingüística, literaria e histórico-social.

É importante incidir no feito de que os topónimos dun lugar habitado —isto é, un macrotopónimo— posúen unha natureza legal e administrativa e, daquela, constan no *Nomenclátor de Galicia* (NG). Ademais, o emprego da macrotoponimia corresponde ao dereito público e está baixo a autoridade da lei: en Galicia está establecida a utilización da forma galega como única e exclusiva, norma que se regula nas leis autonómicas e se recoñece nas estatais.

Non obstante, a gradual e penetrante mingua que se está producindo no terreo da microtoponimia galega demanda unha intervención urxente que involucre toda a cidadanía. Designar os lugares, as fontes, os regatos, os montes, os camiños, as penas, os prados, os campos, as leiras etc. implica convertelos humanos e facelos unha parte esencial da nosa experiencia vital. A vía de transmisión destes nomes sempre foi oral e na actualidade a cadea está crebando. Noutras palabras:

> A memoria familiar, custodia do nome de centos de herdades de pequena extensión, será irrecuperable no momento en que falezan as xeracións máis apegadas á terra, aquelas que gardaron coidadosamente os *prorrateos* de augas, as relacións dos pasos de servidume ou as horas do muíño. (...) E chegarán os fillos, os netos ou os sobriños e queimarán con todo aquilo que, para eles, careza de valor. O abandono levará ás augas aos camiños lonxe de regos e *toles*, as silvas e o mato cubrirán tomadas, muíños, *ulleiros*, fontes e camiños ou carreiros dos vellos defuntos polos que, non quererán vagar, nin as benditas ánimas do Purgatorio (Rodríguez Lemos, 2016).

Péchase este estudo coa seguridade de que inserción da (micro)toponimia nas aulas de secundaria contribúe a que os nosos (futuros) fillos, netos e sobriños desenvolvan o criticismo e mais a sensibilidade indispensables para asegurar —e non queimar— o mantemento dos millóns de nomes espallados polo noso territorio.

# 7 Referencias bibliográficas


Baleirón Lorenzo, Manuel. 2011. *Toponimia de Dodro e de Laíño: os nomes na auga*. Dodro: Concello de Dodro.

Berg, Lawrence D. / Vuolteenaho. Jani, eds. 2009. *Critical Toponymies: Contested Politics of Place Naming*. Farnham, UK / Burlington, USA: Ashgate Publishers.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.). 2017. *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas.* Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Boullón Agrelo, Ana Isabel. 2019. *Estudos Linguísticos e Filológicos Oferecidos a Ivo Castro*, Ernestina Carrilho / Ana Maria Martins / Sandra Pereira / João Paulo Silvestre (orgs.), Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 277- 319.

Cabeza Quiles, Fernando. 2008. *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Cabeza Quiles, Fernando. 2021. *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/370/364/379> [28/05/2022].

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia <http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html> [30/05/2022].

Ferro Ruibal, Xesús (ed.). 2016. *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación.* A Coruña: Real Academia Galega, 23-48. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/307/303/258> [30/05/2022].

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-12886-consolidado.pdf> [30/05/2022].

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación <https://www.boe.es/boe/dias/2020/12/30/pdfs/BOE-A-2020-17264.pdf> [30/05/2022].

Marqués Valea, Xulia. 2003. *A toponimia na escola. Guía para a recollida catalogación e estudio dos nomes tradicionais de lugar.* Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.

Marqués Valea, Xulia. 2008. *Enredando nos topónimos con Rodari.* Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Marqués Valea, Xulia. 2012. *Antroponimizando. Proposta dixital educativa para traballar cos nomes e os apelidos*. Edicións Galebook.

Martínez Lema, Paulo. 2018. *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/333/328/308> [28/05/2022].

Méndez, Luz. 2000. *Por que se chama así este sitio? O significado dos nomes de lugar.* Santiago de Compostela: Edicións Lea.

Morgade Martínez, Xosé Carlos. 1995. *A Lama: os nomes dos lugares (estudo da toponimia).* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Rodríguez Lemos, Anxo. 2016. "Recollendo con comunidades de montes: Comesaña, Mañufe, Baíña e Santa Baia de Donas", en Ferro Ruibal, Xesús (ed.). *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación.* A Coruña: Real Academia Galega, 23-48. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/307/303/258> [30/05/2022].

Sarmiento, Martín. 1999 [século XVIII]. *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, J. L. Pensado (ed.), 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Schacter, John / Thum, Yeow Meng, 2004. "Paying for high-and low-quality teaching" en *Economics of Education Review*, *23*(4), pp. 411-430.

**Recursos en liña**

AGOn = Asociación Galega de Onomástica [web]. Santiago de Compostela: AGOn <http://ilg.usc.gal/agon/base-de-datos/> [30/05/2022].

DIGALEGO = Ir Indo / Xunta de Galicia. 2013-. Digalego. Dicionario de Galego. Xunta de Galicia <https://digalego.xunta.gal> [30/05/2022].

DRAG = M. González González (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario> [26/05/2021].

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. 2003-. *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <http://www.xunta.es/nomenclator> [30/05/2022].

Política Lingüística. 2019. *Ben falado!* [Vídeo]. Youtube. <https://cutt.ly/HKyMaIY> [30/05/2022].

Real Academia Galega / Fundación Barrié. 2013-. *Portal das palabras*. <https://portaldaspalabras.gal> [27/05/2022].

Real Academia Galega / Xunta de Galicia. 2019. *Galicia Nomeada*. <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio> [30/05/2022].

Toponimia de Galicia. 2021. Vídeo do proxecto toponímico do colexio SEI San Narciso de Marín [Vídeo]. Youtube. <https://cutt.ly/XKyMv5W> [30/05/2022].

Wikimedia Commons, the free media repository. *Mapa parroquias Antas de Ulla Lugo*. <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?title=File:Mapa_parroquias_Antas_de_Ulla_Lugo.svg&oldid=476508446> [17/06/2022].

Xunta de Galicia. 2000-. *Toponimia de Galicia*. <https://toponimia.xunta.gal/es> [23/05/2022].

*Canva* <https://www.canva.com> [11/06/2022].

*Quizizz* <https://quizizz.com/?fromBrowserLoad=true> [11/06/2022].

# 8 ANEXOS

## ANEXO I. APUNTAMENTOS TEÓRICOS

### A ONOMÁSTICA

A **onomástica** é a ciencia encargada de estudar os nomes propios (nomes, apelidos e nomes de lugar ou topónimos). A parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes e dos apelidos recibe o nome de **antroponimia**. A parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar ou topónimos (concellos, parroquias, lugares, predios, prados, fontes, regatos etc.) chámase **toponimia**. En resumo:

- **Onomástica**: disciplina lingüística e científica que se ocupa do estudo dos nomes propios. Divídese en:
    - **Toponimia**: parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar.
    - **Antroponimia**: parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes persoais.




### A TOPONIMIA

Dentro da toponimia podemos distinguir entre **toponimia maior** ou **macrotoponimia** e **toponimia menor** ou **microtoponimia**.

A **toponimia maior** ou **macrotoponimia** é a parte da toponimia que estuda o nome dos concellos, parroquias e lugares (hoxe en día está recollida oficialmente no *Nomenclátor de Galicia,* que pode consultase na súa versión web: https://www.xunta.gal/nomenclator). Os elementos estudados por esta disciplina denomínanse **topónimos maiores** ou **macrotopónimos**. Exemplos: *Antas de Ulla, Betanzos, Cambados, Forcarei, Ordes, Melide* e outros.

A **toponimia menor** ou **microtoponimia** e a parte da toponimia que estuda o nome de agros, leiras, prados, fontes, regatos, portas etc. Estes nomes non están oficialmente rexistrados, senón

que viven na memoria dos falantes. Os elementos estudados por esta disciplina denomínanse **topónimos menores** ou **microtopónimos**. Exemplos: *A Leira Daló, A Cualleira, O Caño da Regueira, Os Bídalos de Fóra* e outros.

Polo tanto:




**Necesidade de intervención na toponimia galega (situación sociolingüística)**: hoxe existe a necesidade de recoller os nomes tradicionais dos distintos territorios para evitar a súa desaparición. A concentración parcelaria, a apresurada partida do mundo agrario, a perda de poboación e a urbanización das vilas tiveron como consecuencia a desaparición de moitos nomes do territorio galego.

**Cal é a finalidade de estudar toponimia?** Contribuír ao mantemento do noso patrimonio toponomástico e á normalización lingüística e xeográfica do mesmo.

## A CLASIFICACIÓN DA TOPONIMIA

### A clasificación semántica (por que se chama así este sitio?)

Todos os **topónimos** teñen unha **razón de ser**. Por exemplo, o concello de Antas de Ulla recibe este nome porque nel, antigamente, era moi frecuente a presenza de antas (pedras grandes chantadas no chan) e porque nel nace o río Ulla. Esta información denomínase **motivación toponímica**, é dicir, é conxunto de factores que motivou a denominación dun topónimo. Non obstante, non sempre é doado descubrir a motivación toponímica dos topónimos. Así, temos que diferenciar entre:

- **Topónimos escuros**: aqueles que a simple vista non dan datos sobre a súa motivación. Exemplos: *Cenlle, Dodro, Dorra, Petín* e outros.

- **Topónimos transparentes**: aqueles que a simple vista dan datos sobre a súa motivación. Exemplos: *Carballo, Río, Nogueira, Coelleira* e outros.

Unha vez que se realice o traballo toponímico completo é moi probable que a maioría dos topónimos escuros pasen a ser transparentes.

En función da motivación toponímica, podemos clasificar os topónimos nos seguintes campos semánticos:

- **Agrotopónimos**: topónimos relacionados co mundo agrario. Exemplos: *Campo da Feira, O Curral, Medeiro, Pastoriza* e outros.
- **Fitotopónimos**: topónimos relacionados con árbores froiteiras, plantas, vexetación etc. Exemplos: *Carballo, Nogueira, Olveda, Reboredo* e outros.
- **Topónimos relativos ao hábitat humano**: topónimos relacionados con construcións humanas ou co estilo de vida humano. Exemplos: *Arcos, Eirexe, Hórreo, Paredes* e outros.
- **Hidrotopónimos**: topónimos relacionados coa auga. Exemplo: *Barreiro, Lamas*, *Regueira, Río* e outros.
- **Hodotopónimos**: topónimos relacionados coas vías de comunicación que unen espazos entre si ou transcorren por entidades de poboación. Exemplos: O *Camiño Real, Carreira, Carreiros, Estrada* e outros.
- **Orotopónimos**: topónimos relacionados co terreo (elevacións, depresións, constituíntes etc.). Exemplos: *Areas, Castro, Outeiro, Pedrouzos* e outros.
- **Zootopónimos**: topónimos relacionados co mundo animal. Exemplo: *Abelleira, Coelleira, Formigueiro, Porcariza* e outros.
- **Haxiotopónimos**: topónimos relacionados cun santo ou cunha santa. Exemplos: *Santa Cristina, Santalla*, *San Martiño, San Xoán* e outros.
- **Antropotopónimos**: topónimos relacionados con nomes persoais. Exemplos: *Alvidrón, Chorente, Martín, Vilasión* e outros.

Esta información confirmarase a través da consulta dos dicionarios en liña (*Dicionario da Real Academia Galega,* DIGALEGO) e outros materiais dispoñibles na aula.

# A clasificación etimolóxica (de onde vén o nome deste sitio?)

Outro aspecto fundamental nos traballos toponímicos é a **clasificación etimolóxica** dos topónimos, é dicir, a adscrición dun topónimo a unha determinada orixe. Para isto é fundamental coñecer o **étimo** dos topónimos. A **etimoloxía** é a ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras.

A maioría dos topónimos galegos proveñen do latín, pero poden ter a súa orixe tamén en linguas prelatinas, no xermánico, no árabe, no vasco e noutras moitas. Neste caso, traballaremos con estas catro posibles orixes:

- Prelatina
- Latina
- Xermánica
- Árabe

Debe terse en conta que poden existir topónimos cuxa orixe sexa imposible de determinar (e aquí estariamos de novo perante un caso de **toponimia escura**). Para **descubrir a etimoloxía dos topónimos** é **fundamental** acudir a **fontes documentais**: dicionarios en papel ou dixitais, glosarios, enciclopedias etc. Para os nomes comúns, na aula traballaremos a partir do dicionario en liña DIGALEGO (https://digalego.xunta.gal), que ofrece a etimoloxía dos termos buscados. Tamén poderemos acudir ao *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana* de Corominas, dispoñible na rede. Por exemplo, se temos o topónimo *Nogueira* e buscamos o substantivo común *nogueira* no DIGALEGO, este indícanos, como vemos na imaxe, que se trata dunha palabra procedente do latín **nucarĭa*; ou o topónimo *Carballo*, termo para o que o dicionario ofrece unha orixe prerromana.




carballo

< *raíz prerromana *carb-*
*Plural:* carballos

1

1 *s* Árbore ou arbusto pertencente ás especies caducifolias e marcescentes do xénero *Quercus*, da familia das fagáceas.

No caso de que teñamos algún topónimo relacionado con nomes propios, acudiremos á obra de Méndez Ferrín *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos* e a outros textos onomásticos que a profesora levará á aula (*Antroponimia medieval galega*, colección *Terra Nomeada* etc.).

Deste xeito, para a clasificación etimolóxica é imprescindible coñecer o **étimo** (palabra que se considera a orixe doutra) mais a **orixe** (prelatina, latina, xermánica ou árabe).

## COMO REALIZAR UNHA FICHA MICROTOPONÍMICA

A continuación preséntanse as instrucións que deben seguirse para realizar correctamente unha ficha microtoponímica.

**1º)** En primeiro lugar, debe seleccionarse o microtopónimo que será obxecto de estudo. Isto implica coñecer a súa situación xeográfica: o concello, a parroquia e o lugar no que se atopa. Unha ferramenta útil para este paso pode ser o *Nomenclátor de Galicia*. Tamén resulta moi enriquecedor para a ficha informarse sobre o nome (por exemplo, unha finca na que se celebraban festas, unha fonte con propiedades rexenerativas, un prado que alberga unha lenda etc.). Esta información pode conseguirse preguntándolle á familia, veciños, amigos etc.

**2º)** A continuación, faranse consultas nas distintas fontes: DIGALEGO, DRAG, obras, dicionarios dispoñibles na aula etc.

**3º)** Despois, elaborarase un pequeno esquema a xeito de borrador para que as ideas queden ben claras e poida procederse á redacción.

**4º)** Finalmente, cubrirase a ficha microtoponímica coa información no oco correspondente.

A continuación preséntase un modelo de ficha microtoponímica:

| Datos introdutorios |
|---|
| **Microtopónimo:** *Carballos* |
| **Provincia:** Lugo |
| **Concello:** Antas de Ulla |
| **Parroquia:** Alvidrón (Santa María) |
| **Lugar:** Mancegar |
| **Clasificación semántica (motivación)** |
| É moi probable que o lugar xeográfico en que se atopa o microtopónimo *Carballos* reciba este nome debido á abondosa presenza de carballos na zona que ocupa. Polo tanto, semanticamente *Carballos* é un fitotopónimo, pois é un topónimo vinculado a unha árbore, concretamente á variedade do *Quercus robur*. |
| **Clasificación etimolóxica (orixe)** |
| O microtopónimo *Carballos* procede do substantivo común *carballo* ("árbore ou arbusto pertencente ás especies caducifolias e marcescentes do xénero *Quercus*, da familia das fagáceas", segundo o DRAG) e ten a súa orixe na raíz prelatina **carb-* (segundo o DIGALEGO). |
| **Información adicional** |
| Algúns veciños da parroquia contan que nesta terra se realizaban algúns rituais máxicos que atraían as bruxas do lugar para pedirlles desexos.<br>Hoxe en día, o lugar no que se atopa o microtopónimo dedícase fundamentalmente ao cultivo de distintas hortalizas, legumes e árbores froiteiras. |

# VOCABULARIO BÁSICO DO TRABALLOR TOPONÍMICO

| | |
|---|---|
| **Onomástica** | ciencia que estuda os nomes propios e divídese en toponimia e antroponimia |
| **Antroponimia** | parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes e apelidos persoais |
| **Toponimia** | parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar |
| **Topónimo** | nome propio dun lugar. Os topónimos poden ser simples (Lugo) ou compostos (Santiago de Compostela) |
| **Topónimo maior (macrotopónimo)** | nome dos concellos, parroquias e lugares habitados que hoxe en día están recollidos oficialmente no *Nomenclátor de Galicia* |
| **Topónimo menor (microtopónimo)** | nome de agros, leiras, prados, fontes, regatos etc., que na actualidade non están rexistrados oficialmente, senón que viven na memoria dos falantes |
| **Topónimo escuro** | aquel que a simple vista non ofrece datos sobre a súa motivación |
| **Topónimo transparente** | aquel que a simple vista ofrece datos sobre a súa motivación |
| **Provincia** | entidade local con personalidade xurídica propia formada pola agrupación de concellos |
| **Concello** | unidade territorial en que se dividen as provincias |
| **Parroquia** | unidade territorial en que se dividen os concellos |
| **Lugar/aldea/localidade** | unidade territorial mínima en que se divide unha parroquia; grupo de casas, normalmente en zona rural e con poucos veciños |
| **Etimoloxía** | ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras |
| **Étimo** | palabra que se considera a orixe doutra |
| **Motivación toponímica** | conxunto de factores que motivou a denominación dun topónimo |
| **Fitotopónimo** | topónimo relacionado con árbores froiteiras, plantas, vexetación etc. |
| **Orotopónimo** | topónimo relacionado co terreo (elevacións, depresións, constituíntes etc.) |
| **Hidrotopónimo** | topónimo relacionado coa auga |
| **Hodotopónimo** | topónimo relacionado coas vías de comunicación |
| **Haxiotopónimo** | topónimo relacionado cun nome de santo ou santa |
| **Antropotopónimo** | topónimo relacionado cun nome de persoa |
| **Topónimo relativo ao hábitat humano** | topónimo relacionado con construcións humanas ou co estilo de vida humano |
| **Agrotopónimo** | topónimo relacionado co mundo agrario |


ATOPA
TOPÓNIMOS
2º DA ESO


1. INTRODUCIÓN
• ONOMÁSTICA > Ciencia que estuda os nomes propios (nomes, apelidos e nomes de lugar ou topónimos).
• ANTROPONIMIA > Parte da onomástica que estuda os nomes e os apelido.
• TOPONIMIA > Parte da onomástica que estuda os nomes de lugar ou topónimos.


Onomástica
Antroponimia
Toponimia

- **TOPONIMIA** > toponimia maior ou microtoponimia e toponimia menor ou microtoponimia

- **TOPONIMIA MAIOR OU MACROTOPONIMIA**: parte da toponimia que estuda os nomes de concellos, parroquias e aldeas (Nomenclátor de Galicia)

- **TOPONIMIA MENOR OU MICROTOPONIMIA:** parte da toponimia que estuda o nome de leiras, predios, prados, fontes, regatos etc. (memoria da poboación galegofalante)




# 2. POR QUE ESTUDAR TOPONIMIA?

- Importancia do estudo da toponimia galega > situación sociolingüística de Galicia > desaparición de moitos nomes do territorio

- Obxectivo: protexer a toponimia galega e evitar a súa desaparición

# 3. CLASIFICACIÓN DA TOPONIMIA

DOUS TIPOS DE CLASIFICACIÓNS FUNDAMENTAIS:

1. CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA
2. CLASIFICACIÓN ETIMOLÓXICA

# CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA

POR QUE LUGO SE CHAMA LUGO?

O motivo polo que un nome de lugar se chama dun xeito > **motivación toponímica**

Moitas veces...

Topónimos escuros: Dodro, Dorra, Entrimo...
Topónimos transparentes: Carballo, Río, Coelleira...

# CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA

En función da motivación do topónimo podemos falar de:

- agrotopónimos
- fitotopónimos
- topónimos relativos ao hábitat humano
- hidrotopónimos
- hodotopónimos
- orotopónimos
- zootopónimos
- haxiotopónimos
- antropotopónimos

# CLASIFICACIÓN ETIMOLÓXICA

CAL É A ORIXE DO TOPÓNIMO OURENSE? DE ONDE VÉN O NOME?

**ETIMOLOXÍA** > ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras.
**ÉTIMO** > palabra que é orixe doutra.

POSIBLES ORIXES DOS TOPÓNIMOS:

- prelatina
- latina
- xermánica
- árabe

**ALGÚNS VÍDEOS SOBRE O TEMA:**

1. https://www.youtube.com/watch?v=KZX_uwdPak&list=PLTAZnRk4gADNv9pVLSJkwNq-_jZFMfUq4
2. https://www.youtube.com/watch?v=BVPjlDzYVHI

## ESTADES PREPARADAS E PREPARADOS PARA CONVERTERVOS EN TOPONIMISTAS?

# ANEXO III. FICHA RECOLLIDA DE MICROTOPÓNIMOS

**RECOLLEITA DE MICROTOPÓNIMOS**

**Nome e apelidos** ________________________________________________________

| **Microtopónimo 1** | **Microtopónimo 2** | **Microtopónimo 3** |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| **Microtopónimo 4** | **Microtopónimo 5** | **Microtopónimo 6** |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| **Microtopónimo 7** | **Microtopónimo 8** | **Microtopónimo 9** |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| Microtopónimo 10 | Microtopónimo 11 | Microtopónimo 12 |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| Microtopónimo 13 | Microtopónimo 14 | Microtopónimo 15 |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| Microtopónimo 16 | Microtopónimo 17 | Microtopónimo 18 |
|---|---|---|
| Nome: | Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: | Lugar: |

| Microtopónimo 19 | Microtopónimo 20 |
|---|---|
| Nome: | Nome: |
| Provincia: | Provincia: |
| Concello: | Concello: |
| Parroquia: | Parroquia: |
| Lugar: | Lugar: |

# ANEXO IV. EXERCICIOS PRÁCTICOS

**1. Relaciona os nomes da esquerda coa súa correspondente definición.**

| | |
|---|---|
| Toponimia | Topónimo relacionado coa auga |
| Parroquia | Territorio formado por varias parroquias |
| Etimoloxía | División administrativa de rango inferior ao concello |
| Agrotopónimo | Ciencia que estuda a orixe das palabras |
| Onomástica | Parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar |
| Lugar | Topónimo relacionado coas actividades agrícolas |
| Hidrotopónimo | Ciencia que estuda os nomes, os apelidos e os nomes de lugar |
| Concello | Núcleo pequeno de poboación de carácter rural |

**2. Clasifica semánticamente os seguintes topónimos (fitotopónimos, orotopónimos, hidrotopónimos, haxiotopónimos, zootopónimos, hodotopónimos, topónimos relacionados co hábitat humano ou agrotopónimos):**

- O Carballo:
- Monterroso:
- A Porcariza:
- A Pastoriza:
- A Igrexa:
- Río:
- Camiño Real:
- Ligonde:
- As Neves:
- Sambreixo:
- Terra Cha:
- Esporiz:
- Pedraza:
- Areas:
- Antas de Ulla:
- Rodeiro:

3. **Entra no *Nomenclátor de Galicia* e pon exemplos dos seguintes tipos de topónimos:**

- Topónimos escuros:
- Topónimos transparentes:
- Topónimos simples:
- Topónimos compostos:

4. **Coa axuda do dicionario DIGALEGO, escribe a orixe dos seguintes topónimos (prelatina, latina, xermánica, árabe):**

- A Nogueira:
- A Aldea:
- Outeiro:
- Os Carballos:
- Os Blancos:

5. **Cal é a diferenza entre macrotoponimia e microtoponimia?**

6. **Por que é necesario conservar a microtoponimia galega?**

7. **Cita 10 topónimos (macrotopónimos ou microtopónimos) da túa contorna.**

# A TOPONIMIA



## Horizontales

4. nome dos concellos, parroquias e lugares que hoxe en día están recollidos oficialmente
7. ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras
10. parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar
13. topónimo relacionado co mundo animal
15. topónimo relacionado co terreo (elevacións, depresións, constituíntes etc.)

## Verticales

1. topónimo relacionado co nome dun santo ou dunha santa
2. topónimo relacionado co mundo agrario (actividades agrícolas, gandeiras etc.)
3. topónimo relacionado coa auga
5. conxunto de factores que motivou a denominación dun topónimo
6. topónimo relacionado coas vías de comunicación
8. parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de persoa
9. ciencia que estuda os nomes persoais, os apelidos e os nomes de lugar ou topónimos
11. topónimo relacionado cun nome de persoa
12. nome de fincas, leiras, prados, fontes, regatos, portas etc., que actualmente non están rexistrados e viven na memoria dos falantes
14. topónimo relacionado con árbores froiteiras, plantas, vexetación etc.

# A TOPONIMIA

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G | H | A | X | I | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| M | L | A | J | T | O | P | O | N | I | M | I | A | Q |
| E | T | I | M | O | L | O | X | Í | A | S | D | S | V |
| Y | A | N | T | R | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| F | S | V | N | E | L | E | E | D | L | B | C | H | G |
| G | S | F | I | T | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| Z | K | E | M | N | G | L | H | F | S | X | L | X | U |
| H | U | X | Z | O | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| V | G | M | T | O | P | Ó | N | I | M | O | X | V | E |
| C | O | N | C | E | L | L | O | G | L | U | G | A | R |
| Z | H | T | S | O | M | I | P | S | H | J | R | B | M |
| C | N | H | O | D | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| Y | O | R | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O | F | P |
| W | D | P | R | O | V | I | N | C | I | A | D | X | T |

Antrotopónimo
Etimoloxía
Haxiotopónimo
Lugar
Provincia
Topónimo
Concello
Fitotopónimo
Hodotopónimo
Orotopónimo
Toponimia
Zootopónimo

# ANEXO V. FICHA METACOGNITIVA

Lingua galega e literatura (1º ESO)<br>Unidade didáctica *Atopa Topónimos*

**FICHA METACOGNITIVA: A TOPONIMIA**

1. **Que aprendín nestas dúas semanas?**

2. **Que son capaz de facer agora que non sabía antes?**

3. **Como me sentín?**

4. **Que foi o que máis me gustou? Por que?**

5. **Que foi o que menos me gustou? Por que?**

6. **Houbo algunha(s) tarefa(s) ou palabra(s) que me resultaron especialmente difíciles? Por que?**

**7. Houbo algunha(s) tarefa(s) ou palabra(s) que me resultaron especialmente fáciles? Por que?**

**8. Cambiaría algo?**

**9. En relación cos contidos vistos considero que... (escolle unha opción):**

a) Coñézoos perfectamente, sei cando usalos e os seus significados.

b) En xeral, coñézoos ben, aínda que teño certos problemas con algunhas palabras.

c) Coñézoos regular, debería estudar / practicar máis.

d) O meu nivel de coñecemento é moi baixo. Debo fixarme máis, practicar máis e dedicar moito máis tempo.

e) Outra (especifica): ...........................................................................................

**10. Espazo libre para deixar consellos, suxestións e opinións á profesora:**

# ANEXO VI. FICHA AVALIACIÓN DOCENTE

Lingua Galega e Literatura (1º ESO)
Unidade didáctica *Atopa Topónimos*

**FICHA DE AVALIACIÓN DOCENTE**

**Manifesta o teu nivel de acordo co enunciado sinalando o número que mellor reflicte a túa opinión. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado).**

1. A docente explicou os contidos da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

2. A docente respectou o plan de traballo previsto. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

3. O material empregado (apuntamentos teóricos, exercicios, vídeos, obras...) resultoume útil para comprender o tema. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

5. A docente motivou a miña participación e a dos meus compañeiros no desenvolvemento das sesións. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

6. A docente favoreceu a miña capacidade e a dos meus compañeiros de transmitir información, ideas, problemas e solucións no decurso da proposta. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

7. A docente propuxo tarefas que puiden realizar de maneira autónoma. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

8. A docente organizou ben as sesións e explicou con claridade o tema. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

9. A docente resolveu todas as dúbidas que se lle formularon. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

10. A docente conseguiu facerme ver a relevancia da toponimia e o seu interese para a miña formación. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

11. A docente ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

12. De maneira xeral, estou satisfeito coa docente. 1 – 2 – 3 – 4 – 5.

# ANEXO VII. RÚBRICAS

## Rúbrica para avaliar unha ficha microtoponímica

Nome do alumno________________________________

| Aspectos | Notable | Aceptable | Problemático |
|---|---|---|---|
| **Datos introdutorios** | Introduce sen problemas o microtopónimo (provincia, concello, parroquia e lugar) | Introduce o microtopónimo, pero non ofrece todos os datos. | Non presenta ningunha información introdutoria sobre o microtopónimo. |
| **Clasificación semántica** | Clasifica o microtopónimo semanticamente de maneira completa. Menciona de maneira explícita o campo semántico ao que pertence. | Explica a motivación do microtopónimo, pero non emprega o campo semántico para clasifícalo. | Non ofrece ningunha información sobre a clasificación semántica do microtopónimo. |
| **Clasificación etimolóxica** | Informa sobre a orixe do microtopónimo e introduce o étimo do que pertence. | Informa sobre a orixe do microtopónimo, pero non introduce o étimo do que pertence. | Non informa sobre a orixe do microtopónimo nin presenta o étimo do que pertence. |
| **Información adicional** | Emprega este espazo para ofrecer información descritiva, cultural, tradicional etc. sobre o microtopónimo. | Emprega este espazo para dar información sobre o microtopónimo, pero de maneira superficial. | Non fai uso deste espazo, polo que non ofrece ningún tipo de información sobre o microtopónimo |
| **Vocabulario** | Emprega un vocabulario especializado en toponimia. | Emprega un vocabulario especializado en toponimia só ás veces. | Non emprega un vocabulario especializado en toponimia. |
| **Corrección lingüística** | Non comete faltas ortográficas nin morfolóxicas. | Comete poucas, pero algunhas, faltas ortográficas e morfolóxicas. | Presenta un número elevado de faltas ortográficas e morfolóxicas. |

**Rúbrica para avaliar un debate**

Nome dos alumnos ___________________________________

| Aspectos | Notable | Aceptable | Problemático |
|---|---|---|---|
| **Organización** | Todos os argumentos están organizados dunha forma lóxica arredor dunha idea principal. | A maioría dos argumentos están organizados dunha forma lóxica arredor dunha idea principal. | Moi poucos argumentos están organizados dunha forma lóxica arredor dunha idea principal. |
| **Debate** | Os argumentos empregados son precisos, relevantes e fortes. Introdúcense os contidos propios do tema. | Algúns argumentos empregados son precisos, relevantes e fortes. Introdúcense puntualmente contidos propios do tema. | Moi poucos argumentos empregados son precisos, relevantes e fortes. Non se introducen contidos propios do tema. |
| **Presentación e linguaxe** | O equipo emprega continuamente xestos, contacto visual, ton de voz, nivel de entusiasmo e unha linguaxe que consigue manter a atención da audiencia. | O equipo emprega ás veces xestos, contacto visual, ton de voz, nivel de entusiasmo e unha linguaxe que consigue manter a atención da audiencia. | O equipo case nunca emprega xestos, contacto visual, ton de voz, nivel de entusiasmo e unha linguaxe que consigue manter a atención da audiencia. |

**Rúbrica para avaliar unha exposición oral (reportaxe microtopónimo)**

Nome do alumno___________________________________

| Aspectos | Notable | Aceptable | Problemático |
|---|---|---|---|
| **Presentación do tema** | Preséntase a si mesmo e presenta o tema sobre o que vai falar de maneira clara. | Preséntase a si mesmo e o tema, pero de maneira superficial. | Non hai unha presentación que introduce o tema. |
| **Contidos** | Ofrece información completa sobre os datos introdutorios do microtopónimo, as súas clasificacións (semántica e etimolóxica) e outros datos adicionais. | Ofrece información sobre os datos introdutorios do microtopónimo, as súas clasificacións (semántica e etimolóxica) e outros datos adicionais, pero de maneira incompleta. | Ofrece unha información moi escasa sobre o microtopónimo. |
| **Claridade expositiva** | A información sobre o microtopónimo é presentada de forma ordenada e expresa ben as súas ideas. | Hai pouca estruturación na información presentada e problemas para expresar as ideas. | Non hai orde na presentación da información nin logra transmitir con claridade as súas ideas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Corrección lingüística** | Fai un uso correcto do estándar da lingua galega e das estruturas propias desta lingua. | Fai un uso correcto do estándar da lingua galega, pero de vez en cando introduce estruturas doutras linguas. | Predominan as estruturas doutras linguas e non coida a súa linguaxe. |
| **Vocabulario** | Emprega un vocabulario especializado en toponimia. | Emprega un vocabulario especializado en toponimia só ás veces. | Non emprega un vocabulario especializado en toponimia. |
| **Fluidez e expresividade** | Soluciona con destreza os momentos en que se confunde (se os hai). Mostra continuidade no seu discurso e crea un interese sobre o tema. | Soluciona os momentos nos que se pode confundir ou quedar en branco con algunha dificultade. Ás veces pérdese e non sempre xera interese. | Ten problemas para solucionar as confusións e presenta unha actitude pasiva e desinteresada, polo que non xera interese sobre o tema. |
| **Dominio do espazo** | Ten sempre unha boa postura corporal e un ton de voz suficientemente alto. | A maioría do tempo presenta unha boa postura corporal e un ton de voz alto. | A postura corporal representa unha actitude desinteresada e o seu volume de voz é moi baixo. |

## Rúbrica para avaliar unha reflexión persoal

Nome do alumno_________________________________

| | Notable | Aceptable | Problemático |
|---|---|---|---|
| **Introdución** | Introduce de maneira clara o tema sobre o que vai falar. | Introduce o tema de maneira superficial. | Non introduce o tema. |
| **Contidos** | Reflicte unha completa asimilación dos contidos impartidos. | Reflicte unha asimilación dos contidos, pero non completa. | Demostra que non asimilou os contidos sobre o tema. |
| **Vocabulario** | Emprega un vocabulario especializado en toponimia. | Emprega un vocabulario especializado en toponimia só ás veces. | Non emprega un vocabulario especializado en toponimia. |
| **Corrección lingüística** | Fai un uso correcto do estándar da lingua galega e das estruturas propias desta lingua. | Fai un uso correcto do estándar da lingua galega, pero de vez en cando introduce estruturas doutras linguas. | Predominan as estruturas doutras linguas e non coida a súa linguaxe. |
| **Reflexión** | Relaciona os contidos aprendidos coas súas experiencias e demostra un proceso de desenvolvemento académico e unha análise con respecto á súa realidade. | Aínda que relaciona os contidos aprendidos coas súas experiencias, non o realiza con profundidade. | Non reflexiona sobre os contidos impartidos. |

- **Definicións dos conceptos *onomástica, toponimia* e *antroponimia***



- **Mapa**



- **Recollida de microtopónimos**

**RECOLLEITA DE MICROTOPÓNIMOS**

Nome e apelidos [redacted]

| Microtopónimo 1 | Microtopónimo 2 | Microtopónimo 3 |
|---|---|---|
| Nome: As barxas | Nome: O Lameiro | Nome: As Teixas de Corgo |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Antas de Ulla | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Vilapoupre |
| Lugar: Antas de Ulla | Lugar: Feás | Lugar: Vilapoupre |

| Microtopónimo 4 | Microtopónimo 5 | Microtopónimo 6 |
|---|---|---|
| Nome: A Chousa de Lamemá | Nome: O Penoucho | Nome: Festelos |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Vilapoupre | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Antas de Ulla |
| Lugar: San Martiño | Lugar: Alvidrón | Lugar: Vilaboa |

| Microtopónimo 7 | Microtopónimo 8 | Microtopónimo 9 |
|---|---|---|
| Nome: Regueiro de Lurrán | Nome: A Pedra Furada | Nome: As Barreiras |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Vilapoupre | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: A Cervela |
| Lugar: Vilapoupre | Lugar: Mancegar | Lugar: A cervela |

| Microtopónimo 10 | Microtopónimo 11 | Microtopónimo 12 |
|---|---|---|
| Nome: A Antela | Nome: O Mecobio | Nome: O Cruceiro |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón |
| Lugar: Feás | Lugar: Alvidrón | Lugar: Alvidrón |

| Microtopónimo 13 | Microtopónimo 14 | Microtopónimo 15 |
|---|---|---|
| Nome: Os Pios | Nome: A Palleira | Nome: O Monte Largo |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón |
| Lugar: Feán | Lugar: Outeiro | Lugar: Alvidrón |

| Microtopónimo 16 | Microtopónimo 17 | Microtopónimo 18 |
|---|---|---|
| Nome: O Prado da Fonte | Nome: A Leira Blanca | Nome: A Anxeliña |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Barreiro |
| Lugar: Feán | Lugar: Alvidrón | Lugar: Barreiro |

| Microtopónimo 19 | Microtopónimo 20 |
|---|---|
| Nome: As Cales | Nome: O Campazo |
| Provincia: Lugo | Provincia: Lugo |
| Concello: Antas de Ulla | Concello: Antas de Ulla |
| Parroquia: Alvidrón | Parroquia: Alvidrón |
| Lugar: Mauregar | Lugar: Feán |

- **Exercicios prácticos**

EXERCICIOS TOPONIMIA [redacted]

1. **Relaciona os nomes da esquerda coa súa correspondente definición.**

| | |
|---|---|
| Toponimia | Topónimo relacionado coa auga |
| Parroquia | Territorio formado por varias parroquias |
| Etimoloxía | División administrativa de rango inferior ao concello |
| Agrotopónimo | Ciencia que estuda a orixe das palabras |
| Onomástica | Parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar |
| Lugar | Topónimo relacionado coas actividades agrícolas |
| Hidrotopónimo | Ciencia que estuda os nomes, os apelidos e os nomes de lugar |
| Concello | Núcleo pequeno de poboación de carácter rural |

2. **Clasifica semánticamente os seguintes topónimos (fitotopónimos, orotopónimos, hidrotopónimos, haxiotopónimos, zootopónimos, hodotopónimos, topónimos relacionados co hábitat humano ou agrotopónimos):**

- O Carballo: Fitotopónimo
- Monterroso: Orotopónimo
- A Porcariza: Zootopónimo
- A Pastoriza: Agrotopónimo
- A Igrexa: Topónimo do hábita humano
- Río: Hidrotopónimo
- Camiño Real: Hodotopónimo
- Ligonde: Antrotopónimo
- As Neves: haxiotopónimo
- Sambreixo: Haxiotopónimo
- Terra Cha: Orotopónimo
- Esporiz: Antrotopónimo
- Pedraza: Orotopónimo
- Areas: Orotopónimos
- Antas de Ulla: Orotopónimo e hidrotopónimo
- Rodeiro: Hodotopónimo
- Vilasión: Antrotopónimo
- San Lourenzo: Haxiotopónimo
- Vilarfonxe: Antropónimo

3. **Entra no *Nomenclátor de Galicia* e pon exemplos dos seguintes tipos de topónimos:**
- Topónimos escuros: Peibás, Vilofonne, A Goleta.
- Topónimos transparentes: Terra Cha, Pereira, Chousa.
- Topónimos simples: Castro, Monteroso, Lugo
- Topónimos compostos: Antas de Ulla, As Neves, Palas de Rei

4. **Coa axuda do dicionario *Digalego*, escribe a orixe dos seguintes topónimos (prelatina, latina, xermánica, árabe):**
- A Nogueira: latina
- A Aldea: Árabe
- Outeiro: latina
- Os Carballos: xermánica
- Os Blancos: xermánica

5. **Cal é a diferenza entre macrotoponimia e microtoponimia?**

A macrotoponimia é a Toponimia que estuda os nomes de concellos e de lugares e a microtoponimia é a Toponimia que estuda os lugares

6. **Por que é necesario conservar a microtoponimia galega?**

Porque hai nomes que se olvidaron ou están a olvidar.

7. **Cita 10 topónimos (macrotopónimos ou microtopónimos) da túa contorna.**

As Barreiras
Lomo sierra
Moreiras
O Bolo
A torniña
O Piñeiro
Trabanca
Os coros
Lugo
Monteroso

# A TOPONIMIA



## HORIZONTAIS

- nome dos concellos, parroquias e lugares que hoxe en día están recollidos oficialmente
- ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras
- parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de lugar
- topónimo relacionado co mundo animal
- 15. topónimo relacionado co terreo (elevacións, depresións, constituíntes etc.)

## VERTICAIS

- topónimo relacionado co nome dun santo ou dunha santa
- topónimo relacionado co mundo agrario (actividades agrícolas, gandeiras etc.)
- topónimo relacionado coa auga
- conxunto de factores que motivou a denominación dun topónimo
- topónimo relacionado coas vías de comunicación
- parte da onomástica que se ocupa do estudo dos nomes de persoa
- ciencia que estuda os nomes persoais, os apelidos e os nomes de lugar ou topónimos
- topónimo relacionado cun nome de persoa
- 12. nome de fincas, leiras, prados, fontes, regatos, portas etc., que actualmente non están rexistrados e viven na memoria dos falantes
- topónimo relacionado con árbores froiteiras, plantas, vexetación etc.

# A TOPONIMIA

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G | H | A | X | I | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| M | L | A | J | T | O | P | O | N | I | M | I | A | Q |
| E | T | I | M | O | L | O | X | Í | A | S | D | S | V |
| Y | A | N | T | R | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| F | S | V | N | E | L | E | E | D | L | B | C | H | G |
| G | S | F | I | T | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| Z | K | E | M | N | G | L | H | F | S | X | L | X | U |
| H | U | X | Z | O | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| V | G | M | T | O | P | Ó | N | I | M | O | X | V | E |
| C | O | N | C | E | L | L | O | G | L | U | G | A | R |
| Z | H | T | S | O | M | I | P | S | H | J | R | B | M |
| C | N | H | O | D | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O |
| Y | O | R | O | T | O | P | Ó | N | I | M | O | F | P |
| W | D | P | R | O | V | I | N | C | I | A | D | X | T |

ducima.com

Antrotopónimo
Etimoloxía
Haxiotopónimo
Lugar
Provincia
Topónimo

Concello
Fitotopónimo
Hodotopónimo
Orotopónimo
Toponimia
Zootopónimo

- **Fichas microtoponímicas**

Lingua galega e literatura (1º ESO)
Unidade Didáctica *Atopa Topónimos*

Nome e apelidos [redacted]

## FICHA MICROTOPONÍMICA

| Datos introdutorios |
|---|
| Microtopónimo: Agromoure |
| Provincia: Lugo |
| Concello: Palas de Rey |
| Parroquia: San Miguel do Couse |
| Lugar: Xeá |

**Clasificación semántica**

Este toponimo é composto xa que esta composto por duas palabras. O primeiro elemento é agro: extensión de terreo cultivable e pequeno, propiedade dun só dono. O segundo elemento é o nome dunha persoa (moura). É un Antropotoponimo.

**Clasificación etimolóxica**

Agro pertence á lingua do latín e o grego.
Moura pertence á lingua do latín.

**Información adicional**

Ten manantiac de auga.

Nome e apelidos..[redacted]......................................

# FICHA MICROTOPONÍMICA

| Datos introdutorios |
|---|
| Microtopónimo: Lamoso |
| Provincia: Pontevedra |
| Concello: Rodeiro |
| Parroquia: Vilela |
| Lugar: Saberín |

| Clasificación semántica |
|---|
| Aínda que este microtopónimo está relacionado ca auga o lugar no que se atopa é seco e duro formado por terra e follas. |

| Clasificación etimolóxica |
|---|
| O microtopónimo Lamoso procede do substantivo común lama (mestura de terra con follas) e é un substantivo que procede do latín. |

| Información adicional |
|---|
| É unha leira á herba. |

Nome e apelidos.[redacted]...............

# FICHA MICROTOPONÍMICA

| Datos introdutorios |
| --- |
| Microtopónimo: Cepeira |
| Provincia: Lugo |
| Concello: Portomarín |
| Parroquia: O Castro |
| Lugar: Grumélez |

**Clasificación semántica**

chamase cepeira porque habia cepas nesa zona

A cepeira é un fitotopónimo vinculado a unha árbore

**Clasificación etimolóxica**

Procede do latín

**Información adicional**

É un camiño polo lugar de Grumélez onde hai unha fonte de augas curativas que saben a azufre. Moita xente do lugar e dos outros arredores veñen buscala por que é boa pas enfermidades da pel

- **Carteis sinalizadores**







[redacted]
As Lamas
Este lugar chámase así porque
nel hai moita lama ao
mesturarse terra,
area, follas con auga
É un hidrotopónimo
[redacted]
A CAL DE MOURELLE
Microtopónimo composto por Cal e Mourelle.
Cal é un hidrotopónimo e Mourelle un
antrotopónimo


[redacted]
O Santo
Esta finca recibe este nome porque
seguramente está relacionado con algún santo
E un haxiotopónimo
[redacted]
O RIGUEIRO
Curso de auga pouco abundante,
menor ca o río e maior ca o regato
Hidrotopónimo


[redacted]
A Rigueira
A Rigueira chamase así porque é un prado no que o inverno enchese de auga
É un hidrotopónimo da Goleta na parroquia de Sambreixo e no concello de Monterroso (Lugo)
A palabra Rigueira ven dunha palabra prelatina chamada rêcû
[redacted]
As Penas do Raposo
Este prado ten este nome por que fai anos había moitas pedras chamdas "penas" e había moita abundancia de raposos.
É un zootopónimo


[redacted]
Chousa de Arriba
Chousa procede do latín: chausa, que significa pechada.
Arriba procede do latín: ad ripă, que significa para lugar superior.
Hoxe en día. o lugar no que se atopa este microtopónimo adícase fundamentalmente ao cultivo de castiñeiro.
[redacted]
Chousa de Abaixo


Carballede
Lugar de carballos
Fitotopónimo
Carballede procede do substantivo común Carballo e ten a súa orixe na raíz prelatina *carb-
[redacted]


OS NOSOS MICROTOPÓNIMOS
AS PENAS DE MOURONTE
FONTELA
As Lamas
O Santo
Esta finca recibe este nome porque seguramente está relacionado con algún santo
E un hagiotopónimo
A Gandariña
A CAL DE MOURE
As Penas do Raposo
Carballede

- **Fichas metacognitivas**

Lingua galega e literatura (1º ESO)
Unidade didáctica *Atopa Topónimos*

**FICHA METACOGNITIVA: A TOPONIMIA**

1. **Que aprendín nestas dúas semanas?**

   A recoñecer os Topónimos

2. **Que son capaz de facer agora que non sabía antes?**

   Clasificar os Topónimos

3. **Como me sentín?**

   Moi ben

4. **Que foi o que máis me gustou? Por que?**

   A microtoponimia porque fala de lugares mais cercanos

5. **Que foi o que menos me gustou? Por que?**

   A macrotoponimia porque Trata de concellos e cidades

6. **Houbo algunha(s) tarefa(s) ou palabra(s) que me resultaron especialmente difíciles? Por que?**

   Non, porque o explicaron ben.

7. **Houbo algunha(s) tarefa(s) ou palabra(s) que me resultaron especialmente fáciles? Por que?**

Si, porque e moi facil

8. **Cambiaría algo?**

Non

9. **En relación cos contidos vistos considero que... (escolle unha opción):**

a) Coñézoos perfectamente, sei cando usalos e os seus significados.

b) En xeral, coñézoos ben, aínda que teño certos problemas con algunhas palabras.

c) Coñézoos regular, debería estudar / practicar máis.

d) O meu nivel de coñecemento é moi baixo. Debo fixarme máis, practicar máis e dedicar moito máis tempo.

e) Outra (especifica): ........................................................................................

10. **Espazo libre para deixar consellos, suxestións e opinións á profesora:**

As clases son moi boas e entendinos ben.

- **Ficha de avaliación docente**

Lingua Galega e Literatura (1º ESO)
Unidade didáctica *Atopa Topónimos*

**FICHA DE AVALIACIÓN DOCENTE**

**Manifesta o teu nivel de acordo co enunciado sinalando o número que mellor reflicte a túa opinión. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado).**

1. A docente explicou os contidos da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

2. A docente respectou o plan de traballo previsto. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

3. O material empregado (apuntamentos teóricos, exercicios, vídeos, obras...) resultoume útil para comprender o tema. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

5. A docente motivou a miña participación e a dos meus compañeiros no desenvolvemento das sesións. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

6. A docente favoreceu a miña capacidade e a dos meus compañeiros de transmitir información, ideas, problemas e solucións no decurso da proposta. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

7. A docente propuxo tarefas que puiden realizar de maneira autónoma. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

8. A docente organizou ben as sesións e explicou con claridade o tema. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

9. A docente resolveu todas as dúbidas que se lle formularon. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

10. A docente conseguiu facerme ver a relevancia da toponimia e o seu interese para a miña formación. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

11. A docente ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

12. De maneira xeral, estou satisfeito coa docente. 1 – 2 – 3 – 4 – 5

- **Reflexións**

A toponimia é a parte da onomástica que estuda os nomes dos lugares. Durante estas semanas vimos sobre todo a microtoponimia e gustoume moito poder coñecer por que os lugares que teño o lado da casa se chaman asi. O vocabulario o principio era complicado porque nunca o escoitara pero pouco a pouco foi mas fácil. A partir de ahora sempre me fixarei nos distintos carteis de topónimos e intentarei averiguar o significado dos prados e das leiras que teño o meu arredor.

A onomástica é unha ciencia encargada de estudar os nomes propios que son os nomes os apelidos e os topónimos. A parte da onomástica que se encarga do estudio dos nomes e dos apelidos chámase antroponimia e a parte da onomástica estuda os topónimos chámase toponimia. Pero a cousa non acaba aqui. Tamén tuvemos que saber o que eran a a macrotoponimia e a microtoponimia. A macrotoponimia é a parte da toponimia que estuda o nome dos concellos, das parroquias e dos lugares oficiais como Monterroso e a microtoponimia e a parte da toponimia que estuda o nome de fincas, leiras, prados, fontes, regatos e portas e van perderse se non se estudian por exemplo A Chousa que é unha finca que se encontra o lado da miña cas. Gustoume moito estudiar este tema e pareceume mui divertido porque tamén fixemos xogos na clase.

Durante 2 semanas estuvemos aprendendo a clasificar os microopónimos, o snomes de fincas, leiras, fontes, regatos. Tamén fixemos un cartel no Canva que agora está exposto no instituto. Realizamos moitas actividades sobre a toponimia e incluso tivemos que grabar un vídeo no lugar do microtopónimo. Foi unha experiencia moi bonita porque nunca fixen algo así e foi moi divertido. Hoxe existe a necesidade de estudar a microtoponimia e recoller os microtoponimos para que así non desaparezcan porque cando morren as persoas maiores tamén morren estes nomes. Por eso gustoume moito saber que estou axudando para que a microtoponimia se conserve.

- **Cartafol de exercicios**




